

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
REALIZADA O DÍA 18 DE MARZO DO 2013.**

=====

No Concello de Cangas, cando son as dezanove horas e corenta minutos do día dezoito de marzo do dous mil trece, previa convocatoria, reúnen os/as seguintes concelleiros/as: D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D<sup>a</sup> Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Lede Fernández, SUPLENTE: D. Francisco Javier Soliño Soliño, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asiste á sesión o concelleiro, D. Pío Millán Blanco.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS 4 E 11 DE MARZO DO 2013.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar pendentes de aprobación as actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas en datas 4 e 11 de marzo do 2013.

**SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS**

**2º.- SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS.**

**2.A) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO DE CANGAS:**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar as solicitudes para ampliación do período de ocupación, que se indicará en cada acordo, de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

Así mesmo, tódalas concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR ALFONSO MOLDES GONZÁLEZ, (RESTAURANTE "TÍA BRÍGIDA"), con DNI nº 78.735.624-T, con enderezo en Praza do Arco, nº 10-baixo-Cangas, en representación de "TÍA BRÍGIDA, S.L.", con CIF nº B-36.469.310, para a ocupación de 12,60 m2. (8 mesas, 16 cadeiras e 2 barrís), durante os meses de marzo a setembro, en rúa do Arco, nº 10-Cangas.

As autorizacións suxeitaranse ás seguintes:

### **CONDICIÓN**

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostelería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 4 de marzo ó 31 de maio do 2013, agás indicación expresa no acordo adoptado.

H) Calquera cesión que se realiza ou negocio similar require previa autorización municipal.

I) As causas de extinción serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 do prego de condicións que rexe a autorización de ocupación do dominio público local de Cangas para o ano 2013.

J) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

K) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

## **URBANISMO E VIVENDA**

### **3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 14 DE MARZO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.**

#### **3.A) APROBA-LOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorga-las seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, ás condicións particulares e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de se-lo caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o técnico aparelador municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se amparan, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedi-lo tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará tódalas medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do RDL 1/92 do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmóbeis e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufraga-los gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comeza-la construción a que fai referencia esta licenza, o promotor das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evita-la perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**EXPEDIENTE Nº 24.277.-** A Carmen Chapela Miranda e José Carlos Pena Chapela, con enderezo na Debesa, nº 24-Coiro, para no referido lugar, executar as obras de urbanización previstas no proxecto presentado, debendo avisar ó remate das obras para, previa comprobación polos servizos municipais de Inspección, proceder a concesión da licenza de edificación.

### 3.A.2) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUENTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

**EXPEDIENTE S/N.-** O MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE, SERVIZO PROVINCIAL DE COSTAS, con enderezo en Rúa San Xosé, nº 6-Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por "CONSERVAS IGLESIAS, S.L.", Ref. CPC/mc, para posible legalización de fábrica de conservas en Muelle de Ojea-O Señal-Cangas:

*"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas:*

- *Clasificación urbanística do solo.- Dominio público marítimo terrestre.*
- *Cualificación urbanística do solo.- Sistema xeral de zonas verdes.*

*O emprazamento solicitado está cualificado polas Normas Subsidiarias do Concello de Cangas como sistema xeral de zonas verdes polo que se informa DESFAVORABLEMENTE a ampliación da nave industrial en cuestión."*

### 3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

**EXPEDIENTE Nº 24.019.-** A Francisco Rial Lemos, con enderezo en Camiño de Ameles, nº 3-O Igrexario-O Hío, para en Ameles-O Hío, colocar un portal e construír un cerramento de 5,26 metros, de conformidade coa documentación presentada e condicións impostas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 28 de febreiro do 2013 e Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe de data 13 de marzo do 2013.

**EXPEDIENTE Nº 24.402.-** A Benigno Rodriguez González, con enderezo en Viñó, nº 31A-O Hío, para no referido lugar, construír un alpendre de 20,00 m2., e un cerramento de 25,08 metros, de conformidade coa documentación presentada, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

**EXPEDIENTE Nº 24.464.-** A Lourdes Varela Fernández, con enderezo en Parada, nº 21A-Coiro, para no referido lugar, construír un muro de contención de 30,38 metros, de conformidade coa documentación presentada, a que a liña de edificación diste, como mínimo, a 4,00 metros do eixo do camiño, a que se levante dende a rasante do camiño e a que enrrase co camiño a superficie de terreo que quede fóra da aliñación dos 4,00 metros.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro, efectuada con data 4 de marzo do 2013.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización da fronte de parcela.

**EXPEDIENTE Nº 24.500.-** A Olga Sotelo Pastoriza, con enderezo en Rúa Ramón Franco, nº 19-Cangas, para no referido lugar abrir dúas fiestras de conformidade coa documentación presentada.

A concesión desta licenza non outorga ningún dereito de luces e vistas sobre o predio lindante que o concello poderá pechallas no momento que estime oportuno e tendo en conta a renuncia expresa da propietaria nese mesmo sentido. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, trátase dunha licenza que se concede a unha edificación á que se lle aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

*"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, baicóns ou portas de aire, pintadas en blanco ou cores que harmonicen co da carpintería.*

*Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.*

*As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que, non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios."*

### **3.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.**

#### **EXPEDIENTE Nº 1.637.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR "DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A."**

A Xunta de Goberno Local queda informada do cambio de titularidade de establemento sito en Piñeiro, nº 26-B-Aldán, dedicado a supermercado, que ata a data rexentaba "PROMOCIONES E INVERSIONES ALDÁN, S.L.", e que a partir desta data pasa a "DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.", con enderezo en Lourido, nº 15-Poio.

### **SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER**

#### **4º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR.**

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 13.3.13, relativa as altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

#### **"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

*En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, proponse á Alcaldía a seguinte resolución:*

*\* CONCEDERLLE a Dna. Azucena Padín Bacelar o Servizo de Axuda a Domicilio, por reunir os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora do SAF e de acordo cos seguintes detalles:*

#### **- Prestacións:**

*\*Atencións de carácter persoal.*

*\*Atencións de carácter doméstico.*

*- Custo do servizo: 677,60 €.*

*- Achega económica da persoa usuaria: 67,76 €.*

- Número de horas: 55."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

#### **5º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE XANTAR NA CASA.**

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 15.3.13, relativa as altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

*"En relación ó Servizo de Xantar na Casa, achégase proposta correspondente para:*

\_\_\_\_\_ *Dar a alta no servizo a Dna. E. Soliño Chapela, con expediente nº 35.298.842-Y."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

#### **TESOURERÍA**

#### **6º.- INFORME DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.**

##### 6.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

| <b>SOLICITANTE</b>   | <b>GARANTÍA</b> | <b>IMPORTE</b> | <b>OBXECTO</b>                           |
|--|-----------------|----------------|--|
| MARTA RUÍZ GÓMEZ E<br>MANUEL VILLARROEL RIAL<br>Camiño Areacova, nº 15-<br>Aldán-Cangas.     | FIANZA          | 406,75 €       | LICENZA EXPEDIENTE DE<br>OBRAS Nº 22.936 |
| JOSEFA BRUN BAMIO E<br>ENRIQUE GONZÁLEZ RODAL<br>Cunchido de Abaixo, nº 38-<br>Darbo-Cangas. | FIANZA          | 886,76 €       | LICENZA EXPEDIENTE DE<br>OBRAS Nº 21.087 |



|  |        |            |  |
|--|--------|------------|--|
| BERNARDINO GONZÁLEZ<br>MOLDES<br>Camiño Vello de San Roque,<br>nº 37-Darbo-Cangas. | FIANZA | 2.652,28 € | LICENZA EXPEDIENTE DE<br>OBRAS Nº 21.589 |
|--|--------|------------|--|

## 9.2) DENEGACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes desfavorables da Tesourería Municipal, acorda denegar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

| SOLICITANTE  | GARANTÍA | IMPORTE    | OBXECTO                                  |
|--|----------|------------|--|
| BRUNO GALLEGRO CANCELAS<br>As Gruncheiras, nº 9-Coiro. | FIANZA   | 1.490,64 € | LICENZA EXPEDIENTE DE<br>OBRAS Nº 22.064 |

## SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

### **7º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS.**

#### 7.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

| NOME E DNI                                 | ENDEREZO                       | LUGAR INSTALACIÓN   |
|--|--------------------------------|---|
| ÁNGELA RODAS CASTRO<br>DNI nº 35.264.935-R | Rúa Lisboa, nº 3-baixo-Cangas. | Rúa Lisboa, nº 3-Cangas. Autorízase a instalación de pasaxe permanente na entrada do referido lugar, condicionada ó acondicionamento do bordo da beirarrúa para acceder ó garaxe. Así mesmo, eliminarase o estacionamento mais próximo ó inmovible e o resto dos 3 estacionamentos que quedan teñen que darlle inclinación (estacionamento en batería). |

#### 7.A.2) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

| <b>NOME E DNI</b>                          | <b>ENDEREZO</b>                    | <b>LUGAR INSTALACIÓN</b>  |
|--|------------------------------------|---|
| ÁNGELA RODAS CASTRO<br>DNI nº 35.264.935-R | Avenida de Ourense, nº 85-C-Coiro. | Avenida de Ourense, nº 85-C-Coiro. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 467 por deterioro, concedido en X.G.L. de data 20.11.03 á interesada. Así mesmo, débese pintar de amarelo o bordo da entrada. |

#### 7.A.3) SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL (PINTADO DE BEIRARRÚA):

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, autorizar os seguintes pedimentos, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local:

| <b>NOME E DNI</b>                            | <b>ENDEREZO</b>         | <b>LUGAR INSTALACIÓN</b>   |
|--|-------------------------|--|
| JOSE MANUEL PAZ LAGOA<br>DNI nº 35.265.342-V | Redondela, nº 4-Cangas. | Redondela, nº 4-Cangas. Autorízase a sinalización horizontal co pintado de amarelo nunha lonxitude de 1 metro para ámbolos lados da entrada do garaxe. |

#### 7.A.4) SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN DE CARGA E DESCARGA.

Examinada a solicitude presentada en data 6.3.13 por "VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U.", NIF nº A-36.651.313, con enderezo en rúa Gambrinus, nº 11-A Coruña, na que demanda autorización municipal para ampliación de horario de sinalización de zona reservada para carga e descarga que está instalada na Avenida de Vigo, nº 33-Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda denegar a solicitude de ampliación de horario de sinalización de carga e descarga existente na Avda. de Vigo, nº 33-Cangas, porque interrompe a circulación da referida vía pública, xa que o horario está establecido para toda a zona e non se establece unicamente para o supermercado.

### **ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA**

## **8º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS.**

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 11.3.13, referente a sentenza nº 57/2013 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, no procedemento ordinario nº 262/2011-C, que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 57/2013 DE DATA 5.03.2013 DICTADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 262/2011-C (X-11/34).*

*Vista a Sentenza nº 57/2013 de data 5.03.2013 dictada polo Xulgado Contencioso- Administrativo nº 1 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 262/2011-C, instruído a instancia da mercantil 'VIVEROS O PIÑEIRO, S.L.'.*

*Visto que dita sentenza estima o recurso e declara o dereito da recorrente a que lle sexa aboada, polo Concello de Cangas, a cantidade de 6.550,20 €, mailos xuros de demora previstos no artigo 7 da Lei 3/2004, do 29 de decembro, nos termos contidos no fundamento de dereito segundo desta sentenza, con expresa condena en costas.*

*Polo exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte*

### ACORDO

*Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 57/2013 de data 5.03.2013, dictada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 262/2011-C, instruído a instancia da mercantil 'VIVEROS O PIÑEIRO, S.L.'.*

*Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de SEIS MIL CINCOCENTOS CINCUENTA CON VINTE (6.550,20) EUROS, en concepto de principal a favor da empresa 'VIVEROS O PIÑEIRO, S.L.', con CIF nº B-36381663.*

*Terceiro.- Dar traslado deste acordo ós departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da Alcaldía, referente a sentenza nº 57/2013 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, no procedemento ordinario nº 262/2011-C.

### URXENCIAS:

### ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

**A) RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE FACENDA POLA QUE SE DESESTIMA A REVERSIÓN DO INMOBLE DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA LOCAL.**

Dase conta de Resolución da Alcaldía de data 11.3.13, referente a interposición de recurso contencioso-administrativo contra resolución da Consellería de Facenda de desestimación da reversión do inmovible da antiga Cámara Agraria Local, que é como segue:

"RESOLUCIÓN

*Vista a Resolución da Consellería de Facenda de data 20.09.2012 pola que se desestima a solicitude formulada por este concello para que procedese á reversión do inmovible da antiga Cámara Agraria Local.*

*Visto que en data 5.12.2012 este Concello solicitou a revogación da antedita resolución non obtendo resposta ningunha.*

*Polo exposto, de acordo coas facultades que me confire, en materia de accións administrativas, xudiciais e defensa dos procedementos incoados contra o concello que a lexislación vixente me confire,*

**RESOLVO:**

*PRIMEIRO.- Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a Resolución de data 20.09.2012 da Consellería de Facenda, pola que se desestima a solicitude deste concello de proceder á reversión do inmovible da antiga Cámara Agraria Local, así como contra a desestimación presunta do requirimento de revogación efectuado en data 5.12.2012.*

*SEGUNDO.- Designar para a defensa e representación do Concello de Cangas ó letrado don José Ramón Vázquez Cueto e ó Procurador don Benjamín Victorino Regueiro Muñoz.*

*TERCEIRO.- Notificar esta resolución ó avogado e o procurador designados para a defensa e representación perante o xulgado competente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda ratificar integramente a

Resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a interposición de recurso contencioso-administrativo contra resolución da Consellería de Facenda de desestimación da reversión do inmovible da antiga Cámara Agraria Local.

**B) DECRETO DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE ASCENSORES INSTALADOS EN DEPENDENCIAS MUNICIPAIS.**

Dase conta de Decreto da Alcaldía de data 11.3.13, referente a aprobación de expediente de contratación para o servizo de mantemento e conservación de ascensores instalados en dependencias municipais, que di o seguinte:

"DECRETO DA ALCALDÍA

Vista a Providencia desta Alcaldía de data 14.12.2012 pola que se incoa expediente administrativo para a contratación do servizo de mantemento e conservación de ascensores instalados en distintas dependencias municipais.

Visto que se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, establecendo unha duración do contrato de dous anos susceptible de dúas prórrogas de carácter anual.

Visto que o orzamento de licitación ascende á cantidade de 26.136,00 € (21% IVE incluído) para cada ano susceptible de mellora á baixa, (104.544,00 € para o prazo total incluídas as dúas posibles prórrogas anuais).

Visto que pola Secretaría se emitiu o correspondente informe sobre lexislación aplicable, procedemento a seguir e órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato considerando, dadas as características desta contratación, como procedemento máis axeitado o NEGOCIADO CON PUBLICIDADE, oferta economicamente máis vantaxosa e varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria.

Visto que a interventora municipal realizou a oportuna retención de crédito e emitiu informe de fiscalización do expediente.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de aprobar este expediente de contratación.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación que se tramitará mediante procedemento negociado can publicidade e tramitación ordinaria do servizo de

mantemento e conservación de ascensores instalados en distintas dependencias municipais.

Terceiro.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas (anexos a esta proposta) que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

Cuarto.- Publicar, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil do contratante, o anuncio de licitación para que no prazo de 10 días naturais os interesados poidan presentar solicitudes de participación.

Quinto.- Publicar a composición da mesa de contratación no perfil do contratante cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba realizarse para a cualificación da documentación referida no artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público."

\*\*\*

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A LICITACIÓN PARA CONTRATAR, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE E TRAMITACIÓN ORDINARIA O SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE ASCENSORES INSTALADOS EN DISTINTAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CANGAS  
ÍNDICE

CLÁUSULA 1ª.- Obxecto, cualificación do contrato e réxime xurídico.

CLÁUSULA 2ª.- Duración do contrato.

CLÁUSULA 3ª.- Valor estimado do contrato.

CLÁUSULA 4ª.- Revisión de prezos.

CLÁUSULA 5ª.-Financiamento do contrato.

CLÁUSULA 6ª.- Procedemento de selección e adxudicación.

CLÁUSULA 7ª.- Lexitimación.

CLÁUSULA 8ª.- Garantías.

CLÁUSULA 9ª.- Consulta do expediente e perfil do contratante.

CLÁUSULA 10ª.- Solicitudes de participación.

CLÁUSULA 11ª.- Criterios de selección.

CLÁUSULA 12ª.- Mesa de contratación.

CLÁUSULA 13ª.- Apertura das solicitudes de participación e invitacións.

CLÁUSULA 14ª.- Prazo, lugar e forma de presentación de ofertas.

CLÁUSULA 15ª.- Criterios de adxudicación.

CLÁUSULA 16ª.- Apertura e valoración de ofertas.

CLÁUSULA 17ª.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

CLÁUSULA 18ª.- Renuncia

CLÁUSULA 19ª.- Adxudicación do contrato.

CLÁUSULA 20ª.- Formalización do contrato.

CLÁUSULA 21ª.- Sucesión na persoa do contratista.

CLÁUSULA 22ª.- Modificación do contrato.

CLÁUSULA 23ª.- Responsable do contrato.

CLÁUSULA 24ª.- Obrigas do adxudicatario.  
CLÁUSULA 25ª.- Execución do contrato.  
CLÁUSULA 26ª.- Execución defectuosa e demora. Penalidades.  
CLÁUSULA 27ª.- Prazo de garantía e devolución da garantía definitiva.  
CLÁUSULA 28ª.-Resolución do contrato.  
CLÁUSULA 29ª.- Gastos  
CLÁUSULA 30ª.- Xurisdición competente.

ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

ANEXO II.- MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE

ANEXO III.- MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

ANEXO IV.- MODELO DE AVAL (GARANTÍA DEFINITIVA)

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO, CUALIFICACIÓN DO CONTRATO E RÉXIME XURÍDICO.

1.1.- É obxecto do presente contrato a prestación do servizo de mantemento e conservación de ascensores instalados en distintas dependencias municipais e cuxas especificacións técnicas se recollen no Prego de Prescricións Técnicas (en adiante PPT).

1.2.- Código da nomenclatura CPV (Vocabulario Común de Contratos da Comisión Europea) aplicable ao contrato:

- 50750000-7: servizos de mantemento de ascensores.

1.3.-Atendendo á natureza da prestación obxecto deste contrato, este ten a consideración de contrato administrativo de servizos de conformidade co disposto no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP).

1.4.- Necesidades administrativas a satisfacer:

As necesidades administrativas a satisfacer coa subscripción deste contrato é a de cumprir coa obriga legal de mantemento e conservación dos ascensores instalados en dependencias municipais e que o dito servizo sexa prestado por empresa debidamente cualificada de acordo coa lexislación vixente.

1.5.- O presente contrato rexerese polo disposto neste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no de Prescricións Técnicas, que revestirán carácter contractual. O contrato que se asine axustarase ao contido deste prego cuxas cláusulas considéranse parte integrante do mesmo. No caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos restantes documentos contractuais, prevalecerá o prego de cláusulas administrativas particulares no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

No non previsto neste prego, o contrato rexerese polas seguintes normas:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista do seu cumprimento.

#### CLÁUSULA 2ª.- DURACIÓN DO CONTRATO.

O prazo de duración do contrato será de dous anos prorrogable por outros dous. Cada prórroga terá vixencia anual, e operará automaticamente salvo denuncia expresa por parte dalgún dos contratantes, que deberá realizar cunha antelación non inferior a 60 días naturais á data de vencemento de cada anualidade.

Debido a que na actualidade todos os ascensores municipais teñen contrato de mantemento en vigor coa empresa instaladora, o servizo de mantemento respecto de cada un dos ascensores comezará a prestarse pola empresa adjudicataria no momento en que remate o contrato en vigor de acordo co seguinte calendario:

#### INSTALACIÓN DATA DE INICIO DO SERVIZO DE MANTEMENTO POLA EMPRESA ADXUDICATARIA

|       |                              |                                      |
|-------|------------------------------|--------------------------------------|
| 1 - 2 | Praza da abastos             | Na data de formalización do contrato |
| 3     | Casa da Xuventude            | 16.05.2013                           |
| 4     | Viveiro de empresas          | 29.07.2013                           |
| 5     | Escola infantil O Hio-Nerga  | 07.09.2013                           |
| 6     | CEIP Castrillón – Coiro      | 15.09.2013                           |
| 7     | Casa da Bola                 | 21.09.2013                           |
| 8 - 9 | Auditorio – Escola de Música | 26.09.2013                           |
| 10    | Casa da Cultura              | 21.01.2014                           |
| 11    | Concello                     | 09.01.2015                           |
| 12    | CEIP Nazaret                 | 31.10.2015                           |

Non obstante, o duración do contrato considérase no seu conxunto, polo que a data de finalización será a que resulte unha vez transcorridos os dous anos de vixencia inicial, ou no seu caso as prórrogas, contados dende a data de formalización do contrato.

#### CLÁUSULA 3ª.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN.



3.1.- O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 86.400 €, de acordo co disposto no artigo 88-TRLCSP o cal dispón que o valor estimado dos contratos virá determinado polo importe total sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), e que no cálculo deberá terse en conta as eventuais prórrogas do contrato.

3.2.- Establécese como orzamento de licitación a cantidade de 26.136 € (IVE incluído, 21%) para cada anualidade susceptible de mellora á baixa, (104.544 € para o prazo total incluídas as dúas posibles prórrogas anuais).

As proposicións económicas dos licitadores non poderán exceder deste orzamento máximo, no que se inclúen todo tipo de impostos, taxas e gastos aplicables.

3.3.- O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e incluírá como partida independente o IVE que deba soportar o Concello. No prezo do contrato consideraranse incluídos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego, como son os gastos financeiros, beneficios, seguros, transportes e desprazamentos, e honorarios do persoal ao seu cargo que realice os traballos.

#### CLÁUSULA 4ª.- REVISIÓN DE PREZOS

De acordo co establecido nos artigos 89 a 94-TRLCSP, o presente contrato non poderá ser obxecto de revisión de prezos durante a primeira anualidade do mesmo. Transcorrido o primeiro ano, o prezo do contrato será revisado de acordo coa variación que experimente o Índice de Prezos ao Consumo (IPC) elaborado polo Instituto Nacional de Estatística durante os doce meses anteriores á data de revisión. A revisión non poderá superar o 85% da variación experimentada polo índice adoptado.

#### CLÁUSULA 5ª.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO.

5.1.- O contrato finánciase con fondos propios do Concello, para o cal, deberá existir crédito suficiente no orzamento correspondente á primeira anualidade e consignarse o mesmo no orzamento de cada un dos exercicios aos que se estenda a vixencia do contrato. O crédito consignarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias.

#### CLÁUSULA 6ª.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN.

A forma de adxudicación deste contrato será o procedemento negociado con publicidade, en aplicación dos artigos 169, 170, 171 e 177 do TRLCSP. O órgano de contratación deberá publicar un anuncio de licitación na forma prevista no artigo 142-TRLCSP.

#### CLÁUSULA 7ª.- LEXITIMACIÓN

Poderán concorrer a esta licitación por si ou por medio de representantes autorizados, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que

teñan plena capacidade de obrar, e cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e polo tanto so se admiten entidades que se atopen inscritas nos rexistros oficiais correspondentes que contén coas autorizacións oportunas como empresa mantedora de ascensores, e que ademais non se atopen incursas nunha prohibición de contratar (art. 60-TRLCSP), e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

#### CLÁUSULA 8ª.- GARANTÍAS

8.1.- De conformidade co previsto no artigo 103.1-TRLCSP, para optar á esta licitación non se esixe a constitución de garantía provisional.

8.2.- O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que tivera recibido o requirimento, constitúa garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, de acordo co artigo 151.2-TRLCSP. De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta.

A citada garantía poderá constituírse en calquera das formas admitidas no artigo 96-TRLCSP e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP.

#### CLÁUSULA 9ª.- CONSULTA DO EXPEDIENTE E PERFIL DO CONTRATANTE

9.1.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) así como o de Prescricións técnicas (PPT), xunto cos demais documentos que integran o expediente, estarán de manifesto na Secretaría Xeral do Concello de Cangas , ata o momento en que finalice o prazo de presentación de proposicións, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

9.2.- Esta licitación publicarase no Perfil do Contratante. O acceso público efectuarase a través do portal da Web do Concello de Cangas ([www.cangas.org](http://www.cangas.org)). No Perfil do Contratante do órgano de contratación, publicarase os PCAP, PPT, así como a adxudicación do contrato e calquera outro dato e información referente a súa actividade contractual, de acordo co establecido no artigo 53 do TRLCSP.

#### CLÁUSULA 10ª.- SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN E DOCUMENTACIÓN

O órgano de contratación ordenará a correspondente publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Perfil do Contratante, para a presentación de solicitudes de participación (Anexo I).

As solicitudes de participación presentaranse no Rexistro Xeral do Concello sito na Avda. Castelao n.º 2 de Cangas, en horario de 9:30 a 13:30, no prazo de 10 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no BOP.

As solicitudes de participación presentaranse unicamente no lugar indicado no parágrafo anterior, sen que sexa válida a presentación noutros rexistros ou dependencias municipais, ou de outras Administracións Públicas (art. 80.2-RXLCAP).

Tamén poderán remitirse por correo; neste caso, de conformidade co sinalado no artigo 84-RXLCAP, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación o mesmo día no que se presente, mediante fax ao número 986.304.850, a remisión da solicitude de participación. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a solicitude. Non obstante, transcorridos dez días naturais desde a indicada data, sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso (art. 80.4-RXLCAP).

Cada candidato non poderá presentar máis dunha solicitude de participación, nin subscribir ningunha solicitude en unión temporal con outros empresarios si xa o fixo individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal. O incumprimento desta prohibición dará lugar á inadmisión de tódalas solicitudes por el subscritas ou nas que figure. A presentación da solicitude supón, por parte do candidato, a aceptación incondicional do clausulado deste prego e do de prescricións técnicas sen salvidade algunha.

As solicitudes de participación presentaranse en sobre pechado, asinado polo solicitante no que se fará constar a seguinte denominación: SOBRE A: <<Solicitude para Participar na contratación do servizo de mantemento e conservación de ascensores e montacargas instalados en distintas dependencias municipais do Concello de Cangas >>. No exterior do sobre deberá constar o nome do licitador ou persoa que o represente e a razón social da empresa, o domicilio, e no seu caso o número inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas e Subcontratación da Xunta de Galicia.

As solicitudes de participación deberán ir acompañadas da seguinte DOCUMENTACIÓN:

A) Documento acreditativo da capacidade das empresas.

A-1) Empresario individual: fotocopia compulsada do NIF, Pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. De non ser esixible, achegarase escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

Fotocopia da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada.

#### A-3) Empresas da Unión Europea.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se estableza regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

#### A-4) Empresas non españolas de Estados firmantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas, acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se estableza regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición Adicional 14ª-TRLCSF).

#### A-5) Empresas non comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas estranxeiras non comprendidas nos apartados anteriores, acreditarase mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular de España en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa. Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á UE deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa, admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma sustancialmente análoga.

#### A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberá presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante (artigo 146.1.d -TRLCSF)

#### B) Empresas estranxeiras non comunitarias con sucursal en España

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para ás súas operacións e que estea inscrita no correspondente Rexistro (art. 55.2 – TRLCSF).

#### C) Poderes

Os licitadores poderán concorrer por si mesmos ou representados por outra persoa con poder bastante ou documento que xustifique de modo legal a personalidade para xestionar en nome e representación do seu poderdante. Cando en nome dunha sociedade concorra algún representante da mesma, deberá xustificar igualmente a representación mediante poder.

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes a que se refire este apartado c), deberán bastantearse previamente pola Secretaria Xeral da Corporación ou funcionario habilitado. Non obstante e con carácter excepcional, os documentos acreditativos da representación poderán ser cualificados pola Secretaria Xeral no mesmo acto de apertura do sobre A, consignándose por esta expresamente si a documentación achegada é bastante para o exercicio polo representante das facultades de licitar en relación co expediente concreto.

E) Clasificación:

Non se esixe (de acordo co disposto no artigo 65.1-TRLCSP).

F) Declaración responsable de non atoparse incurso en prohibición de contratar coa Administración:

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente, así como de non atoparse incurso en ningunha das causas de prohibición para contratar sinaladas no artigo 60-TRLCSP, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tales extremos deba achegarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuxo favor se realice esta (modelo Anexo II).

G) Pago do imposto de actividades económicas:

Certificación ou recibo acreditativo do pago do Imposto de Actividades Económicas (IAE) correspondente á actividade concreta sobre a que se oferta, xunto cunha declaración responsable asinada polo licitador na que se faga constar que non se deu de baixa na matrícula do citado imposto.

Para o caso de estar exento conforme ao artigo 82-Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Regulador adas Facendas Locais, acreditarase esta circunstancia por mera comunicación escrita se se trata de persoas físicas, en no caso de persoas xurídicas, achegando ben o modelo 201 do Imposto de Sociedades do último exercicio presentado na Delegación do Ministerio de Facenda correspondente, ou ben, acompañando comunicación da cifra de negocios regulada na Orde HAC/85/2003, do 23 de xaneiro (BOE núm. 24, de 28/01/2003).

H) Acreditación da capacidade para operar como empresa mantedora de aparellos elevadores:

A empresa deberá acreditar estar en posesión de autorización en vigor, inscrita no Rexistro de empresas autorizadas para o mantemento de ascensores e aparellos elevadores na Comunidade Autónoma de Galicia para a provincia de Pontevedra, ou alternativamente, deberá acreditar a presentación da declaración responsable á que se refire os artigos 10.2 e 10.3 do Real Decreto 2291/1985 modificado polo Real Decreto 560/2010 do 7 de maio, e artigo 7 do Decreto 51/2011 do 17 de marzo, polo que se actualiza a normativa en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

#### I) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59-TRLCSP.

#### J) Declaración de empresas vinculadas.

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos á que se refire o art. 145.4 -TRLCSP, presentarse necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por tódalas empresas vinculadas que concorran á licitación.

#### K) Acreditación da solvencia económica e financeira, e técnica.

A xustificación da solvencia económica e financeira poderá acreditarse por algún dos medios sinalados a continuación:

- Informe de institución financeira no que, mencionando expresamente o obxecto e contía do contrato, sinale que é solvente economicamente para enfrontalo.
- Seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Presentación das contas anuais correspondentes aos últimos 3 anos presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda.
- Declaración sobre a cifra global de negocios, referida aos últimos 3 anos, mediante a presentación da declaración anual de operacións con terceiros.

A xustificación da solvencia técnica poderá acreditarse por algún dos medios sinalados a continuación:

- Presentación do certificado de clasificación administrativa como contratista de servizos referente ao obxecto da presente licitación expedido pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado ou polo Rexistro de Contratistas e Subcontratación da Xunta de Galicia, acompañado

dunha declaración sobre a súa vixencia e das circunstancias que serviron de base para a obtención da mesma no Grupo P Subgrupo 7 Categoría A.

- Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

\* Especialidades de solvencia en relación coas unións temporais de empresarios:

Cada un dos empresarios que a compoñan deberán acreditar a súa capacidade de obrar e solvencia, conforme cos apartados anteriores. En todo caso, aos efectos de acreditar a solvencia económica e financeira, e técnica, permitirase a acumulación sempre que todas e cada unha das empresas que integran a unión temporal, acrediten ter executados contratos do mesmo tipo.

Considerarase que unha empresa ten solvencia económica e financeira e técnica se cumpre cos criterios de solvencia que se sinalan na cláusula 11ª deste prego.

L) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

Os licitadores presentarán o seguinte documento:

<<D/Dª ....., no seu propio nome (ou na representación da empresa .....), acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que realice o Concello de Cangas, se realicen mediante o seu envío ao fax núm.: ..... ou ao correo electrónico:.....  
En ....., a ..... de ..... de 2013  
Selo e sinatura do licitador, >>

M) Xustificación traballadores con discapacidade.

No seu caso, os licitadores xustificarán que teñen no seu plantel un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%.

N) Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas.

Os licitadores que acheguen certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas e Subcontratación da Xunta de Galicia a que se refire o artigo 83-TRLCSF, ou ben un certificado comunitario de clasificación conforme ao establecido no artigo 84-TRLCSF acompañado dunha declaración responsable do licitador na que manifieste que as circunstancias reflectidas no certificado non variaron, quedarán dispensadas de achegar os documentos sinalados na Cláusula 10ª apartados A-1, A-2, A-3, C, D e F sempre que o certificado acredite tales extremos.

A estes efectos acompañarase certificado no que conste o cumprimento dos requisitos dos ditos apartados e deberán indicar no exterior do Sobre A o número de rexistro que teñen asignado indicando ademais a qué rexistro pertence (Comunitario, Estatal ou da CA Galicia). O órgano de contratación ou a mesa de contratación poderán comprobar os datos do certificado achegado e obter o mesmo actualizado á data en que remate o prazo de presentación de proposicións.

Ñ) Índice de documentos que integran o sobre:

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente, de conformidade co artigo 80.1 do RXLCAP.

CLÁUSULA 11ª.- CRITERIOS DE SELECCIÓN:

Os criterios obxectivos de solvencia con arranxo aos cales serán convidados a presentar proposicións, serán os seguintes:

11ª.1.- Considerarase que unha empresa ten solvencia económica e financeira se da documentación achegada se desprende que cumpre con algún dos seguintes criterios:

- Se o informe da/s institución/s financeira/s é favorable.
- Se ten subscrita unha póliza de seguro que dea cobertura aos seguintes riscos:

o Danos materiais que a execución do servizo puidera ocasionar ao Concello de Cangas, cun capital asegurado por un importe de 300.000,00 €.

o Danos causados a terceiros, tanto materiais como corporais, entendéndose por tales tódolos usuarios do Concello de Cangas, incluídos os traballadores pertencentes á plantilla do mesmo, cun capital asegurado por un importe de 300.000,00€.

- Se das contas anuais se deduce que dispón duns fondos propios que sexan polo menos do 20% do importe do contrato.

- Se da declaración relativa á cifra global de negocios resulta que a de menor importe dos últimos 3 anos é superior á tripla do importe da anualidade máxima do contrato.

11ª.2.- Considerarase que unha empresa ten solvencia técnica nos seguintes casos:

- Se achega o certificado de clasificación administrativa como contratista de servizos referente ao obxecto da presente licitación expedido pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado ou polo Rexistro de Contratistas e Subcontratación da Xunta de Galicia, acompañado dunha declaración sobre a súa vixencia e das circunstancias que serviron de base para a obtención da mesma no Grupo P Subgrupo 7 Categoría A.

- Se da relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos acredita ter realizado a xestión dun servizo similar que,



individualmente iguale o importe dunha anualidade deste contrato; ou dous contratos que, no seu conxunto igualem a indicada contía.

#### CLÁUSULA 12ª.- MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional 2ª do TRLCSP en relación co artigo 21.2 do RD 817/2009, do 8 de maio, estará presidida por un membro da Corporación e formarán parte dela a Secretaria Xeral e a Interventora municipal, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira e o persoal ao servizo da Corporación ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Actuará como Secretario/a un/ha funcionario/a da Corporación.

A súa composición publicárase no perfil do contratante do órgano de contratación correspondente, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que se deba celebrar para a cualificación da documentación referida no artigo 146-TRLCSP (cláusula 10ª deste prego). Tódolos membros da mesa terán voz e voto, salvo o/a secretario/a que só terá voz. Para a válida constitución da mesa deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros, e en todo caso, o Presidente, o Secretario e os dous vogais que teñan atribuídas as funcións correspondentes ao asesoramento xurídico e ao control económico-orzamentario do órgano.

De acordo co disposto no artigo 21.5-RD 817/2009, do 8 de maio, "ás reunións da mesa poderán incorporarse os funcionarios ou asesores especializados que resulten necesarios, segundo a natureza dos asuntos a tratar, os cales actuarán con voz pero sen voto".

#### CLÁUSULA 13ª.- APERTURA DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN E INVITACIÓNS

Rematado o prazo para recibir solicitudes de participación, o órgano de contratación, a proposta da Mesa de Contratación encargada de comprobar a personalidade e solvencia dos solicitantes, seleccionará aos que deban pasar á seguinte fase, aos que invitará simultaneamente e por escrito, a presentar as súas ofertas nun prazo de 10 días naturais contados dende a data do envío da invitación.

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada no sobre A (defectos u omisións emendables, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto no artigo 160-TRLCSP e artigo 22-RD RD 817/2009, do 8 de maio.

O número de empresarios aos que se invitará a participar nesta licitación non poderá ser inferior a tres nin superior a cinco. Cando o número de candidatos que cumpran os criterios de selección sexa inferior ao mínimo de tres, o órgano de contratación poderá continuar co procedemento cos que reúnan as condicións esixidas, sen que poida invitarse a empresarios que non houberan solicitado participar no mesmo ou a candidatos que non posúan esas condicións.

As invitacións conterán unha referencia ao anuncio de licitación publicado e indicarán a data límite para a recepción das proposicións xuntando unha copia deste prego e da documentación complementaria que sexa necesaria.

#### CLÁUSULA 14ª.- PRAZO, LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

O prazo para presentar ofertas será de 10 días naturais contados dende a data do envío da invitación.

A documentación poderase presentar directamente no Rexistro Xeral do Concello, ou por correo, telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXAP-PAC). Cando as ofertas se envíen por correo, o interesado deberá acreditar co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación o mesmo día no que se presente, mediante fax ao número 986.304.850, a remisión da súa oferta. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a oferta. Transcorridos, non obstante, dez días naturais desde a indicada data, sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso (art. 80.4-RXLCAP).

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta, nin subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros empresarios si xa o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal. O incumprimento desta prohibición dará lugar á inadmisión de tódalas ofertas por el subscritas ou nas que figure.

As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de ditas cláusulas ou condicións, así como do prego de prescricións técnicas, sen salvedade ou reserva algunha.

As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento en que deba procederse á apertura en público das mesmas.

Sen prexuízo das disposicións do TRLCSP, relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse aos candidatos e aos licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular as ofertas, en especial con respecto aos secretos técnicos ou comerciais e aos aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento. De igual modo, el contratista deberá respectar o carácter confidencial de aquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato.

A documentación para a licitación presentarase nun sobre pechado, denominado SOBRE B "Proposición económica", no cal se fará constar o nome do licitador ou persoa que o represente e a razón social da empresa e incluirá a

documentación necesaria para a valoración dos criterios de ponderación automática de acordo co establecido na cláusula 15ª deste prego.

O modelo de proposición económica ao que deberá axustarse o licitador consta no Anexo II deste prego.

#### CLÁUSULA 15ª.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Nesta licitación non se valorarán criterios subxectivos avaliados mediante xuízos de valor, e só se terán en conta criterios obxectivos avaliados automaticamente ata un máximo de 100 puntos conforme aos criterios de valoración/adxudicación, ordenados por orde decrecente de importancia que a continuación se indican:

- Menor prezo ofertado polo licitador: ata 70 puntos

Aplicaras ea seguinte fórmula para realizar a valoración:

$$\text{PUNTOS} = \frac{\text{(prezo licitación – oferta a valorar)} \times \text{puntuación máxima}}{\text{(prezo licitación – oferta máis económica)}}$$

- Dispoñer de Sistemas de Aseguramento da Calidade certificado por empresa rexistrada aos efectos homologados por ENAC: ata 30 puntos distribuídos do seguinte xeito:

|  |           |
|--|-----------|
| o Certificado  | ISO       |
| 9001:2000.....   | 10 puntos |
| o Selo de Excelencia Europea nos eu nivel de excelencia europea..... | 10 puntos |
| o Certificado ISO 14.001 de Xestión Medioambiental.....              | 10 puntos |

#### CLÁUSULA 16ª.- APERTURA E VALORACIÓN DE OFERTAS

A Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura do Sobre B correspondente á documentación avaliada automaticamente. O dito acto celebrarase no lugar, data e hora que se sinale no Perfil do Contratante. A Mesa poderá solicitar os informes técnicos que considere precisos para a súa avaliación.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento de licitación, variara substancialmente o modelo establecido (Anexo III) ou comportase error manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adolece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada pola Mesa en resolución motivada.

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu plantel maior número de traballadores con discapacidade (non inferior ao 2%), de conformidade coa Disposición Adicional 4ª –TRLCS, sempre que tal circunstancia a tivese acreditada mediante a documentación achegada no Sobre A.

A Mesa clasificará, por orden decrecente, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar a dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio podendo solicitar para elo cantos informes técnicos estime pertinentes. A clasificación realizada remitirase ao Órgano de contratación con proposta de adxudicación a favor do contratista que presentara o oferta economicamente mais vantaxosa.

O órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición economicamente máis vantaxosa mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, ou declarar deserta a licitación motivando en todo caso a súa resolución cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste Prego.

#### CLÁUSULA 17ª.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.

Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non pode ser cumprida (en relación a algún dos criterios avaliados aritmeticamente) como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de 5 días xustifiquen as ditas ofertas achegando a documentación correspondente. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos Servizos Técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

Considerarase en principio, como desproporcionada ou temeraria a baixa de toda proposición cuxo porcentaxe exceda en dez unidades, polo menos, á media aritmética das porcentaxes de baixa de tódalas proposicións achegadas e admitidas, sendo criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou temerario da baixa, os seguintes:

- Adecuada xustificación dos prezos ofertados
- Programa detallado de execución dos servizos
- Volume de servizos xa contratados, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.

De conformidade co artigo 85.2-RXLCAP, no suposto de que so concorran dous licitadores, considerarase desproporcionada ou temeraria a oferta que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.

#### CLÁUSULA 18ª.- RENUNCIA

A presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración de tal xeito que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución do servizo, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (por exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois da apertura de plicas, da proposta da Mesa, da adxudicación, ou antes da formalización do contrato, etc) faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP.

Tendo en conta que neste procedemento os licitadores non están obrigados a constituír garantía provisional, a Corporación poderá esixir o dito importe mediante o procedemento de apremio, así como para a indemnización de danos e prexuízos.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración terá as mesmas consecuencias i efectos indicados non parágrafos anteriores. Non obstante, no caso de que a Administración non acordara a adxudicación no prazo de dous meses a contar dende a apertura de proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición de conformidade con artigo 161.4-TRLCSP.

#### CLÁUSULA 19ª.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente mais vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles (art. 151.2-TRLCSP), a contar desde o seguinte a aquel en que tivera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

- Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatais e coa Comunidade Autónoma) e coa Seguridade Social
- Xustificante de ter constituída garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, por calquera dos medios a que se refire o artigo 96-TRLCSP.
- Xustificante de non ter débedas co Concello de Cangas.
- Xustificante de ter aboado os gastos do anuncio de licitación.ç
- Póliza de seguro (orixinal ou copia autenticada) á que fai referencia a cláusula 18ª do Prego de Prescripcóns Técnicas.

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos. De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no presente prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer, conforme ao artigo 40-TRLCSP, recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

#### CLÁUSULA 20ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista

poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato, cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos 15 días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no art. 151.4-TRLCSP.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional, que no seu caso se esixira. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidera ocasionar.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, excepto nos casos previstos no artigo 113-TRLCSP.

#### CLÁUSULA 21ª.- SUCESIÓN NA PERSOA DO CONTRATISTA

De conformidade con artigo 85-TRLCSP, nos casos de fusión, escisión, aportación ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade absorbente ou resultante, quedando subrogada en tódolos dereitos e obrigas derivadas do mesmo, sempre que teña a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación ou que as sociedades participantes nas ditas operacións responsabilícese solidariamente da execución do contrato. En caso contrario, resolverase o contrato considerándose a tódolos efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.

#### CLÁUSULA 22ª.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Unha vez perfeccionado o contrato poderase introducir as modificacións correspondentes por altas e baixas dos bens e instalacións obxecto do contrato. O adxudicatario efectuará as compensacións que procedan a favor ou en contra do Concello, ao obxecto de manter en todo momento o equilibrio inicial da contratación.

Serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato que se acorden de conformidade co establecido no artigo 219 e nos artigos 105 e seguintes – TRLCSP.

De conformidade co artigo 105.2, a modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que poda cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. Nestes supostos, deberase proceder a unha nova contratación da prestación correspondente, na que poderá aplicarse o

régime establecido para a adxudicación de contratos complementarios se concorren as circunstancias previstas no artigo 174.b)-TRLCSP.

En canto as modificacións non previstas na documentación que rexe esta licitación estarase ao disposto ao artigo 107-TRLCSP.

#### CLÁUSULA 23ª. RESPONSABLE DO CONTRATO

O órgano de contratación poderá designar un responsable do contrato, quen supervisará a correcta execución do contrato e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación de cara a asegurar a mesma.

#### CLÁUSULA 24ª.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego e observando fielmente o establecido no prego de prescricións técnicas.

O adxudicatario responderá perante o Concello polo incumprimento ou demora no cumprimento das súas obrigas contractuais, e executarará o servizo de acordo coa lexislación vixente en materia de mantemento de ascensores.

Así mesmo deberán cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará a tódolos efectos, a condición de empresario.

#### CLÁUSULA 25ª.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista. O contrato executarase con suxeición ó establecido no clausulado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación de ó contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para o Concello ou para terceiros das omisións, erros, métodos inaxeitados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

O contratista non poderá substituír ó persoal facultativo adscrito á realización dos traballos, sen a expresa autorización do órgano de contratación ou responsable do contrato, no caso de ser este último designado por aquel.

O contratista está obrigado a gardar silencio respecto ós datos e antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo.

O contratista deberá ter subscritos os seguros obrigatorios, así como un seguro que cubra as responsabilidades que se deriven da execución do contrato.

#### CLÁUSULA 26ª.- EXECUCIÓN DEFECTUOSA E DEMORA. PENALIDADES

O contratista está obrigado ao cumprimento do contrato con estrita suxeición ao establecido neste prego de cláusulas que o regulan, ao consignado na súa proposición e as ordes que lle curse o responsable do contrato no seu caso, ou o competente para a vixilancia do contrato, para unha mellor realización dos traballos.

De conformidade co artigo 212-TRLCSPP que dispón que os pregos poderán prever penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do mesmo ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato, establécense as seguintes penalidades:

a) Terán a consideración de infraccións leves aquelas que, pese ao incumprimento das cláusulas contractuais, non supoñan un prexuízo de gran entidade, conlevarán unha penalidade de ata 300€ e se tipifican como tales as seguintes:

- As que impliquen negligencia na prestación do servizo e non supoñan unha alteración grave para o seu funcionamento.
- A omisión do deber de comunicar as incidencias ou anomalías, non imputables ao contratista e que sexan detectados.

b) Terán a consideración de infraccións graves e conlevarán unha penalidade de 300€ ata 1500€ as seguintes:

- A reiteración na comisión de tres faltas leves.
- A desobediencia ás ordes do responsable para a vixilancia do contrato.
- As accións u omisións que alteren a regularidade na prestación do servizo.
- A carencia de elementos necesarios para a prestación do servizo.
- O trato irrespetuoso ao público, persoal municipal ou axentes da autoridade, así como calquera acción do persoal que supoña un desprestixio do servizo.
- No acudir a las reunións de seguimento do contrato cando sexa convocado.

c) Terán a consideración de infraccións moi graves e darán lugar á rescisión do contrato, sen prexuízo da aplicación das sancións ás que dese lugar a xuízo do Órgano de Contratación, tódalas que supoñan un incumprimento das condicións do contrato ou unha deficiente xestión do servizo, ademais das seguintes:

- Obstaculizar a inspección ou fiscalización do persoal municipal.
- Incumprir as normas laborais ou convenio colectivo do persoal a empregar.
- Ceder o contrato sen a debida autorización municipal.
- Incumprir obrigas salariais ou de seguridade social respecto aos traballadores a empregar.
- Reiterar a comisión de dúas infraccións graves. CON PES

#### CLÁUSULA 27ª.- PRAZO DE GARANTÍA E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

O prazo de garantía é de un ano a contar dende a data de finalización do contrato ou no seu caso as prórrogas que se produzan.



A devolución da garantía definitiva producirase unha vez transcorrido o dito ano previo informe favorable emitido polo responsable do contrato ou persoa encargada da súa supervisión.

CIÓN (IVA inc.)

#### CLÁUSULA 28ª.- RESOLUCIÓN DOS CONTRATOS

28.1.- Serán causas de resolución do contrato as previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, cos efectos previstos no art. 225 e 309 do TRLCSP.

28.2.- Outras causas de resolución.

28.2.1.- Ademais das anteriores, constituirán causa de resolución imputable ó contratista as seguintes:

28.2.1.a).- O incumprimento da obriga de gardar sigilo establecida na cláusula 15 deste prego.

28.2.1.b).- O abandono por parte do contratista do servizo obxecto do contrato: Entenderase producido o abandono cando a prestación non se realice coa regularidade axeitada ou cos medios humanos e materiais precisos para a normal execución do contrato no prazo estipulado. Non obstante, cando se de este suposto, o Concello, antes de declarar a resolución, requirirá ó contratista para que regularice a situación no prazo de cinco días a contar dende o requirimento.

28.2.1.c).- A incursión do contratista, durante a vixencia do contrato, en algunha das prohibicións sinaladas na normativa vixente ou en incompatibilidade, sen a obtención inmediata da correspondente compatibilidade.

28.2.2 .- O acaecemento de calquera destas causas, nos termos establecidos, facultará ó órgano de contratación para dar por resolto o contrato, coa indemnización de danos e prexuízos e demais efectos que procedan conforme á normativa aplicable, podendo optar pola execución subsidiaria, realizando as obrigas incumpridas ou continuando a execución do contrato por si ou a través das persoas ou empresas que determine, a costa do contratista. O importe da garantía responderá de todo iso, en canto alcance, e sen prexuízo da responsabilidade xeral do contratista.

#### CLÁUSULA 29ª.- GASTOS

- Os gastos do anuncio de licitación serán asumidos polo adxudicatario.
- TAXA POR BASTANTEO: o bastanteo de poderes pola Secretaría Xeral está suxeito á taxa por expedición de documentos administrativos por importe de 6,01 euros, debendo achegarse ó documento carta de pago expedida pola Tesourería Municipal.

#### CLÁUSULA 30ª.- XURISDICCIÓN COMPETENTE

A xurisdición contencioso-administrativa coñecerá das cuestións litixiosas relacionadas co contrato a que se refire o art. 21.1 do TRLCSP.

As cuestións litixiosas serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán remate á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso Contencioso-Administrativo, consonte ó disposto pola Lei Reguladora de dita Xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso potestativo de reposición e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Os actos que se diten nos procedementos de adxudicación de contratos que non reúnan os requisitos previstos no artigo 40 do TRLCSP, serán susceptibles de recurso en vía administrativa conforme ó disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e recurso Contencioso-Administrativo, consonte ó disposto pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Recurso especial en materia de contratación:

Con carácter potestativo, poderá interpoñerse o recurso especial en materia de contratación previsto no art. 40 do TRLCSP nos supostos contemplados no mesmo. Contra a resolución do recurso só procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

## ANEXO I

### MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Don/dona \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_, provincia de \_\_\_\_\_, rúa \_\_\_\_\_ n.º \_\_\_\_\_, con DNI n.º \_\_\_\_\_, actuando en en nome propio / ou en representación da empresa \_\_\_\_\_, con CIF n.º \_\_\_\_\_ e domicilio social na rúa \_\_\_\_\_ n.º \_\_\_\_\_ da cidade de \_\_\_\_\_, á cal represento en calidade de (administrador/ apoderado/ representante legal/ etc, ou o que corresponda), ante o Órgano de Contratación do Concello de Cangas comparezo e

### EXPOÑO

Que tendo coñecemento do procedemento iniciado para a contratación so servizo de mantemento de ascensores instalados en dependencias municipais do Concello de Cangas, cuxo anuncio de licitación foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data \_\_\_\_\_

SOLICITO, que a empresa á que represento sexa invitada a participar na antedita licitación, para o cal achego, no "Sobre A" a documentación establecida na Cláusula 10ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Cangas, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013

(sinatura do representante e selo da empresa )

## ANEXO II

### MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA CONTRATAR ESTABLECIDAS NO ARTIGO 60 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO APROBADO MEDIANTE REAL DECRETO LEXISLATIVO 3/2011, do 14 de novembro.

Don/dona \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_, provincia de \_\_\_\_\_, rúa \_\_\_\_\_ n.º \_\_\_\_\_, con DNI n.º : \_\_\_\_\_, actuando en en nome propio / ou en representación da empresa \_\_\_\_\_, con CIF n.º \_\_\_\_\_ e domicilio social na rúa \_\_\_\_\_ n.º \_\_\_\_\_ da cidade de \_\_\_\_\_, á cal represento en calidade de (administrador/ apoderado/ representante legal/ etc, ou o que corresponda), ante a Mesa de Contratación constituída para a tramitación do expediente relativo á contratación do servizo de mantemento de ascensores instalados en dependencias municipais,

### DECLARO RESPONSABLEMENTE

Que nin o firmante desta declaración, nin a persoa xurídica á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan incursos en ningunha das prohibicións para contratar definidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado mediante real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro , non concorrendo en consecuencia, circunstancia algunha das descritas na indicada referencia legal.

Así mesmo e de forma expresa, faise constar que a persoa xurídica á que represento se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expídese e asina a presente declaración, en \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013

(sinatura do representante e selo da empresa )

## ANEXO III

## MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D....., co D.N.I. nº:.....; actuando en nome propio / en representación da entidade..... con CIF N.º..... con enderezo a efectos de notificacións en .....,

### EXPÓN

Que tendo coñecemento do procedemento tramitado polo Concello de Cangas para a contratación do servizo de mantemento de ascensores instalados en distintas dependencias municipais, fai constar expresamente que:

1. Acepta tomar parte na indicada licitación de acordo coas condicións previstas polo Concello de Cangas.
2. Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación e que, xunto cos pregos técnicos, forman parte daquel, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos nos documentos indicados, sen excepción.
3. Comprométese á execución do contrato ofertado nas seguintes condicións:

|     | INSTALACIÓN                 | PREZO ANUAL |     |       |
|-----|-----------------------------|-------------|-----|-------|
|     |                             | LÍQUIDO     | IVE | TOTAL |
| 1-2 | Praza da abastos (2)        |             |     |       |
| 3   | Casa da Xuventude           |             |     |       |
| 4   | Viveiro de empresas         |             |     |       |
| 5   | Escola infantil O Hio-Nerga |             |     |       |
| 6   | CEIP Castrillón – Coiro     |             |     |       |
| 7   | Casa da Bola                |             |     |       |
| 8   | Auditorio                   |             |     |       |
| 9   | Escola de Música            |             |     |       |
| 10  | Casa da Cultura             |             |     |       |
| 11  | Concello                    |             |     |       |
| 12  | CEIP Nazaret                |             |     |       |
|     | TOTAL                       |             |     |       |

4. Achega no Sobre B proposta económica, e documentación relativa a criterios avaliábeis mediante fórmulas.
5. Comprometese e obrigase expresamente a presentar no Rexistro Xeral do Concello e dentro do prazo establecido neste prego, a documentación requirida para a formalización do contrato.

(LUGAR E DATA)

O LICITADOR

(Sinatura do representante legal e soo da empresa)

#### ANEXO IV

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), NIF, con domicilio (a efectos de notificacións e requirimentos) na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, e no seu nome (nome e apelidos dos apoderados), con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes que se reseña na parte inferior deste documento,

AVALA

A (nome e apelidos ou razón social do avalado), NIF, en virtude do disposto por: (norma/s e artigo/s que impoñe/n a constitución desta garantía) para responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido), ante o Concello de Cangas, por importe de: (en letra e en cifra).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Este aval outórgase solidariamente respecto ó obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e con compromiso de pago ó primeiro requirimento do Concello de Cangas, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos das Administracións Públicas e nas súas normas de desenvolvemento.

O presente aval estará en vigor ata que o Concello de Cangas ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para autorizar a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado mediante real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro).

(Lugar e data)

(razón social da entidade)

(sinatura dos apoderados)

DILIXENCIA.- Esténdoa eu, como Secretaria Xeral, para facer constar que o presente prego que consta de 27 páxinas esta incluída, todas elas rubricadas por min e seladas co selo da Secretaría deste Concello, foi aprobado por Resolución da Alcaldía de data 11.03.2013.

Cangas, 11 de marzo de 2013

A SECRETARIA XERAL

Asdo.: Berta Alonso Soto

\*\*\*

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO E CONSERVACIÓN DE ASCENSORES INSTALADOS EN DISTINTAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CANGAS

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO

CLÁUSULA 2ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

CLÁUSULA 3ª.- REPRESENTACIÓN

CLÁUSULA 4ª.- CONTIDO DO CONTRATO DE MANTENIMENTO

CLÁUSULA 5ª.- OPERACIÓNS HABITUAIS DE MANTENIMENTO A REALIZAR.

CLÁUSULA 6ª.- REPARACIÓN TODO RISCO

CLÁUSULA 7ª.- TAREFAS DO MANTENIMENTO CORRECTIVO

CLÁUSULA 8ª.- MANTENIMENTO TÉCNICO-LEGAL

CLÁUSULA 9ª.- INSPECCIÓN PERIÓDICAS

CLÁUSULA 10ª.- ATENCIÓN DE AVISOS

CLÁUSULA 11ª.- PERSOAL E MEDIOS TÉCNICOS

CLÁUSULA 12ª.- REPOSTOS

CLÁUSULA 13ª.- OUTRAS CONDICIÓNS

CLÁUSULA 14ª.- INSPECCIÓN PREVIA DAS INSTALACIÓN

CLÁUSULA 15ª.- OPERACIÓN FINAIS

CLÁUSULA 16ª.- SINALIZACIÓN

CLÁUSULA 17ª.- MEDIDAS DE SEGURIDADE

CLÁUSULA 18ª.- RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO

CLÁUSULA 19ª.- FACTURACIÓN

-----  
CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO

O presente contrato ten por obxecto establecer as condicións básicas que rexerán o contrato de servizo de mantemento e conservación de ascensores instalados nas dependencias do Concello de Cangas, que se relacionan no Anexo I deste Prego, definindo as operación de mantemento preventivo, correctivo, técnico-legal e a conservación destes, e indicando así mesmo, as condicións que deberá cumprir a empresa mantedora.

CLÁUSULA 2ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

A empresa adxudicataria cumprirá os requisitos que marca a normativa vixente, así como calquera actualización da mesma. Así mesmo informará ó Concello de Cangas de calquera cambio na normativa que afecte ao mantemento.

CLÁUSULA 3ª.- REPRESENTACIÓN

O adxudicatario destinará unha persoa con atribucións suficientes para tomar decisións sobre o obxecto do contrato, que exercerá de representante e interlocutor co Concello de Cangas, e que será o que coordine os traballos de mantemento e/ou reparación que se lle encarguen, así como de calquera outra circunstancia obxecto do contrato.

#### CLÁUSULA 4ª.- CONTIDO DO CONTRATO DE MANTEMENTO

As condicións xerais polas que se rexerá o mantemento das instalacións serán as seguintes:

- A conservación e mantemento (tanto preventivo, correctivo, técnico-legal) dos ascensores e montacargas.
- Man de obra necesaria e cualificación e especialización requirida en cada caso.
- Materiais, compoñentes e pezas necesarias nas labores de mantemento e conservación das instalacións.
- Materiais, aceites, graxas, produtos de tratamento e limpeza, etc, necesarios para o seu mantemento e conservación.
- Substitución de tódolos compoñentes, pezas e accesorios deteriorados, defectuosos, amortizados ou obsoletos.
- Achega dos medios propios ou de terceiros, necesarios na prestación dos servizos.
- Gastos, combustibles, transportes, almacenamento, etc.
- As actuacións urxentes que sexan necesarias para o bo funcionamento das instalacións ou orneadas polo Concello de Cangas.
- Limpeza periódica dos locais das instalacións e salas de máquinas, manténdooas en perfectas condicións de uso.
- Tódalas xestións e gastos para cumprimentar e presentar a documentación administrativa ante os Organismos Oficiais e/ou Colexios Profesionais, derivados do mantemento e reparacións de algún dos aparellos, entenderanse por conta da empresa adxudicataria.
- Asistencia e asesoramento técnico ante calquera solicitude do Concello de Cangas.
- A titularización, e polo tanto a xestión, dos residuos xerados na prestación do servizo, será por conta do adxudicatario.
- O custo das inspeccións periódicas realizadas polos Organismos de Control Autorizados debera asumilo o adxudicatario.

Traballos excluídos. Excluíranse do custo anual do presente contrato unicamente:

- A reparación dos danos producidos por actos de vandalismo ou ben por causas da natureza, tales como terremotos, inundacións ou calquera outra de forma maior, sempre que non sexan derivadas dun mal funcionamento das instalacións.
  - As obras de mellora ou as obras que sexan necesarias realizar para a adaptación das instalacións ós cambios de lexislación.
  - Os traballos de reparación motivados polo uso doloso da instalación.
  - Os traballos que tivesen como misión a reparación de elementos decorativos, pintura e recubrimento de chan e paredes na cabina.
- Para todos aqueles traballos que se estimen non queden contemplados neste Prego de Condicións Técnicas, a empresa adxudicataria presentará un orzamento previo á aprobación e execución dos traballos.

#### CLÁUSULA 5ª.- OPERACIÓNS HABITUAIS DE MANTEMENTO A REALIZAR

As operacións que se detallan deseguido consideraranse os mínimos incluídos no contrato de mantemento, sen que poida orixinar facturación adicional algunha. O Concello de Cangas poderá esixir a execución e/ou repetición de calquera destas operacións sen cargo algún e segundo o criterio do responsable técnico da mesma.

Dentro dos quince días seguintes á entrega en vigor do contrato o adxudicatario presentará, para a súa aprobación polo concello de Cangas, unha planificación das operacións de mantemento sobre as instalacións obxecto deste contrato, con indicación das tarefas, periodicidade e breve descrición das mesmas, prestando especial atención ó estado dos elementos de seguridade (mecánicos e eléctricos/electrónicos).

Dita planificación terá en conta as horas punta de utilización dos ascensores para realizar o mantemento en días e horas que menos incidencia teñan sobre o servizo prestado a indicación do responsable do Concello de Cangas.

#### MENSUAL

- Visita ó cliente e entrega dos partes de traballo realizados.
- Estado da cabina e os seus compoñentes (carteis, iluminación, espello, falso teito, pasamáns, limpeza, etc.)
- Comprobación de pulsadores de mando e sinalización.
- Comprobación dispositivo telefónico de petición de socorro.
- Comprobación existencia de cartel de inspeccións periódicas e código do aparello.
- Comprobación de arranque, parada e nivelación.
- Apertura, reapertura e peche de portas cabina (cédula fotoeléctricas, borde de seguridade, cortina luminosa, etc.)
- Comprobación en cada piso de pulsadores e sinalización, estado de mirillas e cristais, encravamentos eléctricos/mecánicos das portas.
- Observación en piso superior do estado xeral do cadro de manobra e comprobación do sistema de rescate manual.

#### TRIMESTRAL

- Limpeza e engraxe de guías.
- Limpeza de máquinas e cadro de máquinas.
- Limpeza de oco e foso
- Limpeza de teito e baixos de cabina
- Limpeza de luminarias e difusores de alumeado.
- Limpeza de pisadura, portas, operador baixo e teito de cabina.
- Limpeza revisión de cadros e proteccións.
- Limpar rozaderas contrapeso.
- Nivel e estado de aceite motores, máquinas e fugas.
- Limpeza e revisión de elementos centrais.
- Engraxe e lubricación de guías.
- Engraxe e lubricación de poleas.
- Engraxe e lubricación de elementos de portas.
- Engraxe e lubricación de cables.
- Engraxe e lubricación de polea tensora limitador.
- Engraxe LONGTEM-2 ou similar (180-150)



## REVISIÓNS E VERIFICACIÓNS

Ademais dos traballos mencionados anteriormente, o Regulamento de aparellos elevadores fixa a frecuencia das revisións, limpeza e engraxes; algunha delas son:

- Nivel de aceite motor
- Selector de cadro de manobras
- Pechaduras e autolevas
- Nivel de aceite máquina.
- Limitador de velocidade.
- Botoeiras exteriores.
- Botoeiras de cabina.
- Relés contactores.
- Temporizadores.
- Freo e electrofreo.
- Finais e conmutadores de recorrido
- Interruptores e fusibles.
- Luces oco cuarto de máquinas.
- Electromotor.
- Acoplamento electromotor máquina.
- Ruídos e folgas de máquinas.
- Estado amarrables cabina e lado pedestal.
- Deslizamento cables.
- Estado físico e tensión cables.
- Amarres contrapeso.
- Indutores e pantallas.
- Térmicos.
- Sistema de acuíñamento. Verificar paracaídas y articulacións.
- Limpeza estado cabezal, polea e rozaderas.
- Finais e conmutadores.
- Impulsores e detectores.
- Fugas pistón e estado reténs/rescatadores.
- Fugas mangueras/barras tubaxes.
- Rozadura.
- Peche portas.
- Amortiguadores e fixacións.
- Limpeza e engraxe guías.
- Elementos varios non especificados.
- Limpeza e lubricación limitador (se ten).
- Cable limitador e tensalimitador (se ten)

## CABINA

- Colocación de pulsador de paradas.
- Colocación de pulsador de chamadas.
- Colocación de pilotos de luminosos de posición.
- Montaxe de elementos de iluminación e autónomos de emerxencia.
- Montaxe de cristais.
- Fixacións e illamento de cabina.
- Rozadera/rozadera de cabina.

- Comprobar arranque, reenvíos confort de viaxe, parada e nivelación.
- Apertura, reapertura e peche portas de cabina.
- Colocación de condutores, que se poidan romper ou desoldar.
- Adecentamento, limpeza e pintura.
- Teléfono de emerxencia.
- Alarma, stop e abrir portas.

#### PORTAS

- Substitución de ditador
- Montaxe de pulsadores exteriores.
- Montaxe de luminosos direccionais
- Montaxe de luminosos de porta aberta.
- Montaxe de luz funcional.
- Axuste de elementos peche-porta en portas semiautomáticas ou manuais e corrección de roces por desniveis nas mesmas.
- Montaxe de cristais.
- Extraccións de portas pechadas.

#### RECINTO.

- Axustes de pantallas de cambio e paro.
- Axustes de paros de finais.
- Axustes de indutores.
- Substitucións de luces en rosario.

#### REPARACIÓNS

Ademais dos traballos sinalados considerase incluída a man de obra necesaria para reparación de avarías que incluírán as seguinte operacións:

#### CADRO DE MANIOBRA

- Soldadura de fíos de conexións.
- Reposición de fusibles de manobra.
- Reapretado de tornillería de bornas e conexións.
- Axustes de contactos fixos móbiles de relés.
- Aislamentos normais de condutores.
- Reposición de montaxe de separadores de relés.
- Tarado de relés térmicos.
- Montaxe transformadores.
- Montaxe rectificadores.
- Montaxe relés.
- Montaxe retardadores.
- Montaxe portafusibles.
- Montaxe resistencias.
- Montaxe de díodos.

#### GRUPO REDUCTORES.

- Reglaxe de electrofreos.
- Substitución de bobinas de freos.

## LIMITADORES DE VELOCIDADE

- Montaxe de muelles reguladores e tensado de cables.

## REPARACIONES DE MOTORES.

Durante a vixencia do contrato o contratista esta obrigado a rebobinar ó su cargo tódolos motores e, no su caso, a súa substitución, calquera que sexa a causa que motive a reparación nun prazo máximo de cinco días a partir do momento en que se produza o aviso.

## CLÁUSULA 6ª.- REPARACIÓN TODO RISCO

Ademais das operacións mencionadas no apartado anterior entenderanse incluídas no presente contrato a reparación ou substitución dos seguintes dispositivos, incluíndo como no caso anterior, man de obra, materiais, medios auxiliares, desprazamentos, permisos, etc.:

- Asistencia técnica das Revisións Xerais Periódicas cando corresponda.
- Calquera peza eléctrica ou mecánica da máquina tractora co su motor eléctrico e/ou hidráulico. Poleas
- Calquera peza eléctrica ou mecánica do cadro de manobra.
- En cabina e acceso, calquera elemento do sistema de:
  - Alarma
  - Pulsadores e botoeiras
  - Instalación eléctrica manobra, parada, chamada ou alarma.
  - Alumado. Lámpadas. Reactancias.
  - Pantallas de corte.
  - Contactos sistemas de seguridade.
  - Levas ou elementos para apertura de portas. Pechaduras.
  - Actuadores de portas.
  - Guías de portas.
  - Rozaderas. Guarnicións de rozaderas.
  - Elementos de acuíñamento.
  - Botoeira de revisión.
- En ocos e portas de planta calquera elemento do sistema de:
  - Amortiguadores de porta.
  - Cerraduras de portas.
  - Conducións eléctricas de manobra, incluso sinalización luminosa.
  - Dispositivos electromecánicos de freado, parada, apertura de portas e de seguridade:
- ? Indutores
- ? Soportes
- ? Paros final de recorrido
- ? Contactos porta
- ? Botoeiras
- ? Actuadores
- ? Outros
- ? Detectores de presenza
- ? Guarnicións de rozaderas

- ? Alumeado de oco
- ? Múelles
- ? Herrajes protectores
- ? En cables, poleas, contrapesos, y limitadores:
- ? Cables cos seus amarres de tracción e contrapeso
- ? Cables de compensación
- ? Limitador de velocidade. Cable e instalación eléctrica.
- ? Poleas de calquera tipo cos seus rodamentos
- ? Cables de arrastre
- ? Pintura

#### CLÁUSULA 7ª.- TAREFAS DE MANTENIMIENTO CORRECTIVO

Entenderase por mantemento correctivo o conxunto de traballos dedicados á reparación de avarías xurdidas de forma non planificada, descoñecéndose as causas que orixinaron os fallos ou podéndose tratar de varias causas como deficiente mantemento en contratos anteriores, desgaste natural, mal funcionamento, manipulación indebida, etc.

#### CLÁUSULA 8ª.- MANTENIMIENTO TÉCNICO-LEGAL

O mantemento técnico-legal será realizado sobre aqueles equipos que o requiran de acordo coas especificacións dos regulamentos industriais, tanto de carácter xeral, comunitario, nacional ou autonómico, de obrigado cumprimento. Será responsabilidade do adxudicatario a notificación ó Concello de Cangas calquera cambio da lexislación, durante a vixencia do contrato, que obrigará á modificación total ou parcial das instalacións ou equipos. Se non se realizara esta notificación e o Concello fora (como consecuencia delo) obxecto de sanción administrativa, o importe da mesma seralle descontado da facturación ó adxudicatario.

#### CLÁUSULA 9ª.- INSPECCIÓN PERIÓDICAS

O adxudicatario levará un control respecto das inspeccións periódicas realizadas polos Organismos de Control Autorizados, e así mesmo asumirá o seu custo.

A empresa adxudicataria comunicará a este Concello o día e hora na que se levarán a cabo as anteditas inspeccións, debendo comunicar ao Concello de Cangas calquera incidencia ou eventualidade que xurda nas mesmas.

No caso de que o informe da inspección detectase deficiencias, a empresa adxudicataria comunicará ao Concello si as accións propostas polo Organismo de Control Autorizado son obxecto do presente contrato, se non fose así, presentará un orzamento para a realización dos traballos necesarios para a subsanación das ditas deficiencias. Unha vez subsanadas, a empresa adxudicataria informará ao Concello de Cangas a finalización dos traballos e a data e hora na que se realizará a nova inspección periódica por parte do Organismo de Control Autorizado.

#### CLÁUSULA 10ª.- ATENCIÓN DE AVISOS

O adxudicatario deberá entregar os procedementos de aviso ao responsable do Concello de Cangas dentro da semana seguinte á formalización do contrato.

O adxudicatario deberá atender os avisos durante tódolos días laborables do ano en horario de: - Luns a Venres de 8:00 a 21:00

- Sábados de 8:00 a 15:00

Para atender os servizos de avarías fora dos horarios laborais, a empresa adxudicataria contará cun servizo permanente de asistencia 24 horas, 365 días (incluso festivos), suficiente para atender todo requirimento de intervención para rescate de persoas encerradas en cabina, ascensores parados que impidan o desprazamento de usuarios discapacitados ou de capacidade física diminuída, e no seu caso accidentes ou situacións nas que se produza ou poida producirse danos a persoas físicas ou materiais.

Na oferta presentada, entenderase que están incluídos tódolos gastos derivados por saída, tanto en horas laborais, en servizo 24 horas e nas horas extras, non podendo pasar ningún cargo adicional por este concepto ni por calquera outro.

Recibida a comunicación de aviso de urxencia, sempre que estea involucrada algunha persoa (atrapamento, paro, accidente,...) o tempo de resposta será de corenta e cinco minutos como máximo, dende a hora de aviso ó teléfono subministrado pola empresa adxudicataria ou a realizada dende o teléfono da cabina, ata a chegada ao lugar do aparato sinistrado.

O servizo deberá ser restablecido en todo caso antes das 24 horas dende a recepción, salvo causa de forza maior ou imposibilidade material de recepción do aviso e sempre e cando se xustifique o motivo ante o técnico responsable do Concello de Cangas.

#### CLÁUSULA 11ª.- PERSOAL E MEDIOS TÉCNICOS

O adxudicatario disporá de todo o persoal necesario así como cantos medios técnicos e vehículos sexan necesarios para a correcta prestación do servizo en calquera tipo de circunstancia.

Será obriga do adxudicatario uniformar, ao seu cargo ao seu persoal, debendo levar permanentemente unha placa identificativa colocada en lugar visible.

#### CLÁUSULA 12ª.- REPOSTOS

O adxudicatario comprométese á substitución e reparación de pezas, mantendo os ascensores en boas condicións de funcionamento e seguridade.

Os repostos serán sempre orixinais e especificamente destinados á instalación, elemento ou maquinaria que sexa obxecto de reparación. No caso de que este tipo de reposto non se atopase no mercado o utilizado deberá ter unhas características equivalentes ao orixinal.

Os repostos de pezas cuxa substitución sexa imprescindible para manter un adecuado funcionamento das instalacións serán subministradas polo

adxudicatario no prazo máximo de 24 horas dende que se produciu a intervención dos operarios para reparar a avaría.

#### CLÁUSULA 13ª.- OTRAS CONDICIÓN

13.a) O adxudicatario deixará constancia escrita de cantas operacións realice en cumprimento do contrato en cada un dos ascensores; constancia que estará permanentemente actualizada e a disposición do responsable técnico do Concello de Cangas.

Neste sentido o adxudicatario establecerá libros de mantemento para cada unha das instalacións obxecto do Prego, así como unha serie de fichas históricas dos ascensores nas que se recollerán tódalas incidencias relacionadas con estes. Os libros deberán ser presentados no Concello de Cangas dentro das dúas semanas seguintes á formalización do contrato.

O adxudicatario deberá cumprir rigorosamente o programa de mantemento de acordo coa adxudicación realizada, previo visto e prace do Concello de Cangas. Tódolos partes de revisión e reparación deberán ser asinados polo responsable do Concello de Cangas.

13.b) Antes de reparar calquera traballo non comprendido no contrato, o adxudicatario deberá presentar un orzamento previo ao Concello de Cangas para a súa aprobación, e non se procederá á execución ata non recibir a conformidade por escrito do orzamento. Calquera defecto ou rotura que se descubra con posterioridade á sinatura do contrato e que non poida ser explicada como derivada do uso será substituído polo adxudicatario sen cargo algún para este Concello, incluíndo as pezas ou elementos necesarios de reposición.

13.c) Mensualmente e xunto coa presentación da factura mensual achegarase ao Concello de Cangas un informe indicando a relación de avisos de avaría de cada aparato elevador, incluíndo como mínimo a seguinte información:

- Data e hora de comunicación do aviso de avaría
- Persoa que realiza o aviso de avaría
- Descrición da avaría
- Indicación de persoas involucradas.
- Data e hora de chegada do técnico ó ascensor motivo do aviso.
- Data e hora de resolución da avaría
- Descrición técnica da avaría (compoñentes, causa....)

13.d) Anualmente e coincidindo co primeiro mes do ano, achegarase ao Concello de Cangas un informe de cada ascensor, verificando o correcto estado dos seguintes elementos da instalación:

- ? Cuarto de máquinas e poleas
- Apertura de portas en chave dende o exterior
- Rótulo prohibindo o acceso
- Instrucións en caso de para fortuíto
- Limpeza de cuarto de máquinas

- Ganchos no teito
- Porta de rexistro. Iluminación independentes de forza
- Interruptor parada de seguridade
- Cadro eléctrico. Protección contra ánodos directos e polvo
- Pérdidas de aceite
- Cables de suspensión
- Protección saída cables polea motriz
- Pasacables
- Funcionamento grupo tractor
- Proba de funcionamento do freo. Desgaste guarnición.
- Diferenciais. Conectado a terra
- Outros compoñentes de instalación eléctrica
- Finais de carreira (que salte o relé)
- Actuación do limitador
- Actuación do paracaídas
- Desligamento cable-polea
- Ventilación inadecuada Camarín e portas
- Estado mecánico e fixación dos marcos á parede
- Imposibilidade de funcionamento do ascensor se unha porta de acceso se atopa aberta
- Imposibilidade de apertura de porta se a cabina no está estacionada en dita porta.
- Botoeiras exteriores
- Temporizadores
- Encravamento eléctrico e mecánico de portas
- Botoeira interior regulamentaria. Alarma
- Alumeado permanente en cabina
- Existen placas regulamentarias no interior
- Aireación do camarín
- Xogo entre o umbral do camarín e a porta de acceso
- Funcionamento do intercomunicador. Recinto do ascensor, contrapeso e foso
- Estado de amarres de cables na cabina
- Dispositivo de rotura ou alongamento
- Estado xeral da cabina
- Botoeira regulamentaria en teito e cabina
- Fixación de guías, folguras
- Alumeado do recinto
- Estado de amarres dos cables e contrapeso
- Separación cabina-contrapeso
- Ocos de ventilación, tubaxes e cables alleos ó ascensor
- Limpeza do recinto
- Encravamento mecánico e eléctrico das portas de acceso ó camarín
- Funcionamento das levas nas portas
- Indicación de número de planta
- Estado dos amortiguadores para cabina e contrapeso
- Limpeza de foso. Filtracións de auga
- En caso de recinto común, cerramento e separación

- Si o foso mide mais de 1,30 m terá escaleira
- Estado da manguera de control
- Terra nos distintos elementos do ascensor
- Existencia de ventilación adecuada.

#### CLÁUSULA 14ª.- INSPECCIÓN PREVIA DAS INSTALACIÓNS

O adxudicatario realizará nos primeiros vinte días dende a formalización do contrato unha inspección detallada do estado das instalacións e equipos, elaborando un informe que achegará ao Concello de Cangas, co resultado da inspección. Se pasado ese prazo o adxudicatario non formulase alegacións sobre o estado das instalacións e equipos considerase que o adxudicatario recíbeos en perfecto estado de funcionamento.

#### CLÁUSULA 15ª.- OPERACIÓNS FINAIS

No mes anterior ao fin do contrato o adxudicatario deberá realizar un informe final indicando as instalacións e equipos. No que figurará o seguinte:

- o Un inventario actualizado das instalacións e equipos.
- o Fichas técnicas e históricos dos equipos
- o Fichas técnicas e históricos dos equipos.
- o Relación do calendario de inspeccións periódicas por Organismo de Control Autorizados e estado de das inspeccións e data de finalización do contrato
- o Comentarios, documentos e informes que o adxudicatario considere oportunos e dignos de mencionar en relación cos traballos obxecto do contrato.

#### CLÁUSULA 16ª.- SINALIZACIÓN

Na relación dos traballos obxecto deste contrato o adxudicatario esta obrigado a dispoñer e colocar a cantidade suficiente de sinais e medios de protección necesarios para evitar calquera accidente ás persoas que circunstancialmente estean próximas ás instalacións, sendo o adxudicatario o único responsable por accidentes que puideran ocorrer por incumprimento desta prescrición.

En calquera caso, cumpriranse as disposicións vixentes, referentes á sinalización e protección de obras.

#### CLÁUSULA 17ª.- MEDIDAS DE SEGURIDADE

O adxudicatario será o responsable de velar polas condicións de seguridade nos traballos, estando obrigado a adoptar e facer adoptar a súa costa, as disposicións vixentes na materia, e as medidas que dite a Inspección de Traballo e demais Organismos competentes, respectando sempre as normas de seguridade que correspondan. Tódolos gastos ocasionados pola adopción destas medidas serán a cargo do adxudicatario e considéranse incluídos no prezo do contrato.

A empresa adxudicataria queda obrigada a executar as medidas derivadas da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais e o seu desenvolvemento normativo en todo aquilo que lle sexa de aplicación.

Dentro dos sete días seguintes dende a formalización do contrato o adxudicatario deberá presentar ao Concello de Cangas o su Plan de Prevención



de Riscos Laborais e o seu desenvolvemento normativo en todo aquilo que lle sexa de aplicación. O dito plan conterá obrigatoriamente un resumo explicativo da implantación das medidas de prevención de riscos laborais e a modalidade preventiva adoptada (empresario, traballador designado, servizo de prevención propio, servizo de prevención alleo), e acreditar documentalmente a avaliación de riscos e a formación e información dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais.

O adxudicatario porá en coñecemento de tódolos seus traballadores a normativa interna de seguridade e saúde existente no seu caso, no Concello de Cangas así como as consignas de emerxencias establecidas, quedando obrigado a prestar os servizos que se lles pida no caso de activación de planes de autoprotección, xa sexa xeral ou propios de cada edificio.

A empresa adxudicataria dotará ao servizo e a todo o persoal do mesmo de tódolos medios de protección colectiva e individual necesario segundo as disposicións vixentes, debendo tomar as medidas necesarias para conseguir que ditos elementos sexan utilizados por todo o seu persoal, sendo responsabilidade deste aqueles accidentes que poida sufrir o persoal.

#### CLÁUSULA 18ª.- RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO

A presentación da proposta económica presupón o coñecemento fundado da realidade do servizo e a adecuación do prezo ofertado.

##### a) Responsabilidade respecto ó material

O adxudicatario será responsable dos danos de rotura que sufran os equipos, material ou elementos das instalacións obxecto do contrato, excepto cando os danos sexan producidos por actos de vandálicos, fenómenos meteorolóxicos ou outras causas xeradas por terceiros.

Os gastos ocasionados pola reparación de danos ou roturas producidas nas instalacións e que sexan responsabilidade do adxudicatario, deberán ser soportados por este, sen que poida reclamar cantidade algunha ó Concello de Cangas.

##### b) Responsabilidade respecto ó control de funcionamento

O adxudicatario será responsable pola cantidade de traballos técnicos que se efectúen nas instalacións, debendo contar para elo con persoal responsable e preparado para a realización dos traballos incluídos no contrato.

O adxudicatario será responsable pola adxudicación e posta a punto de tódolos traballos que esixa o control das instalacións e das deficiencias de funcionamento, tanto polo que respecta á interrupcións no servizo que non sexan imputables á falta de enerxía ou causa de forza maior, como á calidade dos traballos que esixe o mantemento e conservación das instalacións.

O adxudicatario será o responsable do funcionamento correcto dos ascensores, da conservación de todos e cada un dos seus compoñentes e da calidade dos materiais e elementos empregados.

c) Responsabilidade de danos producidos polas instalacións

O adxudicatario será responsable durante a vixencia do contrato de tódolos danos e prexuízos directos e indirectos, que se poidan ocasionar a calquera persoa, propiedade ou servizo público ou privado, con ocasión ou como consecuencia dos actos, omisións ou negligencias do persoal ó seu cargo, ou dunha deficiente organización.

Os servizos públicos ou privados que resulten danados deberán ser compensados polo adxudicatario, de acordo coa lexislación vixente sobre o particular.

As propiedades públicas ou privadas que resulten danadas deberán ser reparadas polo adxudicatario, restablecendo as súas condicións primitivas ou compensando adecuadamente os danos e prexuízos causados.

A tal efecto, a empresa adxudicataria estará obrigada a ter subscrita ou a subscribir, antes da iniciación do servizo unha póliza de seguro que dea cobertura aos seguintes riscos:

o Danos materiais que a execución do servizo puidera ocasionar ao Concello de Cangas, cun capital asegurado por un importe de 300.000,00 €.

o Danos causados a terceiros, tanto materiais como corporais, entendéndose por tales tódolos usuarios do Concello de Cangas, incluídos os traballadores pertencentes á plantilla do mesmo, cun capital asegurado por un importe de 300.000,00€.

O documento sinalado anteriormente (orixinal ou copia autenticada) deberá ser presentado con antelación á sinatura do contrato.

Se o importe dos danos ocasionados fora superior á cantidade asegurada e existira culpa ou negligencia do persoal a cargo da empresa adxudicataria, a diferenza será por conta desta.

O incumprimento por parte da empresa adxudicataria deste contrato, da totalidade ou parte do pactado no mesmo, sexa calquera a causa, excepción feita das consideración catastróficas, facultará ó Concello de Cangas para esixir á dita empresa os danos e prexuízos derivados do incumprimento citado, debidamente avaliados.

#### CLÁUSULA 19ª.- FACTURACIÓN

A facturación da prestación do servizo contratado será por mensualidades vencidas. As facturas presentaranse, unha por cada servizo de acordo co cadro que deseguido se indica. Así mesmo, en calquera momento o Concello poderá solicitar a documentación xustificativa de que os traballadores asignados ao contrato percibiron as súas retribucións e a empresa está ao corrente coas súas obrigas de Seguridade Social respecto dos traballadores.

O imposto sobre o valor engadido (IVE) consignarase nas facturas ou documentos equivalentes, de forma separada da base imponible, sen que en ningún caso poda exceder o total do pagamento do prezo previamente determinada na adxudicación.

Como requisito previo para o pagamento, as factura presentadas polo adxudicatario serán conformadas polo responsable técnico que designe o Concello, o cal controlará a calidade dos servizos realizados.

O Concello de Cangas non recoñecerá ningún traballo realizado fóra das condicións estipuladas no contrato suscrito coa empresa adxudicataria que non conte co CONFORME previo do Concello, aínda cando fora solicitado por calquera persoa dependente laboralmente do concello, non facéndose cargo, en consecuencia, dos gastos que se producisen, polo que , no se poderá proceder á súa facturación.

## ANEXO I

### CADRO TÉCNICO DOS ASCENSORES OBXECTO DESTE CONTRATO

| INSTALACIÓN | ENDEREZO                          | N.º RAE | MARCA  | CARGA   | PARADAS        |
|-------------|-----------------------------------|---------|--------|---------|----------------|
| CAPACIDADE  |                                   |         |        |         |                |
| PERSOAS     | DATA INSTALACIÓN                  |         |        |         |                |
| 1           | PRAZA DE ABASTOS                  |         |        |         |                |
|             | CASTELAO S/N ASCENSOR DEREITO:    |         |        |         |                |
| 11133695    |                                   |         |        |         |                |
|             | KONE                              | 600 KG  | 2      |         | 6              |
| 2           | ASCENSOR ESQUERDO:                |         |        |         |                |
| 11133696    |                                   |         |        |         |                |
|             | KONE                              | 600 KG  | 2      |         | 6              |
| 3           | CASA DA XUVENTUDE                 |         |        |         |                |
|             | R./ REAL, 29                      | 15093   | ENOR   | 630 KG  | 4 8 16.05.2007 |
| 4           | VIVEIRO DE EMPRESAS               |         |        |         |                |
|             | EIRADO DO SEÑAL                   |         |        |         |                |
| Nº 5        | 16183                             | ORONA   | 450 KG | 5       | 6 29.07.2008   |
| 5           | ESCOLA INFANTIL O HIO-NERGA       |         |        |         |                |
|             | NERGA 17424                       | ORONA   | 600 KG | 3       | 8 7.09.2010    |
| 6           | CEIP CASTRILLÓN                   |         |        |         |                |
|             | CASTRILLÓN-COIRO                  | 16956   | WITTUR | 640 KG  | 3 8 15.09.2009 |
| 7           | CASA DA BOLA EUGENIO SEQUEIROS, 8 |         |        |         |                |
|             | 6                                 |         |        | 7864/93 | ENOR 450 KG 3  |
|             |                                   |         |        |         | 9.09.1993      |
| 8           | AUDITORIO                         |         |        |         |                |
|             | AVDA. LUGO, 25-27                 | A 1174  | ORONA  | 1000 KG | 4 13           |
|             |                                   |         |        |         | 26.09.2001     |
| 9           |                                   |         |        |         |                |

|    |                                 |                           |       |              |   |             |
|----|---------------------------------|---------------------------|-------|--------------|---|-------------|
|    | ESCOLA DE MÚSICA<br>26.09.2001  | AVDA. LUGO, 25-27         | 1173  | ORONA 630 KG | 4 | 8           |
| 10 | CASA DA CULTURA<br>6 21.01.2010 | PRAZOLETA SAN XOAN S/N    | 17094 | ENOR 450 KG  | 4 |             |
| 11 | CONCELLO                        | AVDA. CASTELAO Nº 2       | 8369  | ENOR 600 KG  | 4 | 8 9.01.1995 |
| 12 | CEIP NAZARET                    | BARRIO NAZARET / Rúa Real | 18447 | ORONA 600 KG | 3 | 8 1.11.2012 |

\* Os dous ascensores instalados na Praza de Abastos atópanse actualmente fóra de servizo, polo que lle corresponderá á empresa adxudicataria realizar a posta a punto dos mesmos para o seu funcionamento así como a tramitación da súa alta nos rexistros e organismos que correspondan e demais trámites que elo conleve, debendo asumir o custo sen facturación adicional, que en todo caso deberá estar incluído na oferta económica que presente.

## ANEXO II

### DATAS DE INICIO DO SERVIZO DE MANTEMENTO RESPECTO DE CADA UN DOS ASCENSORES

#### INSTALACIÓN DATA DE INICIO DO SERVIZO DE MANTEMENTO POLA EMPRESA ADXUDICATARIA

|       |                              |                                      |
|-------|------------------------------|--------------------------------------|
| 1 - 2 | Praza da abastos             | Na data de formalización do contrato |
| 3     | Casa da Xuventude            | 16.05.2013                           |
| 4     | Viveiro de empresas          | 29.07.2013                           |
| 5     | Escola infantil O Hio-Nerga  | 07.09.2013                           |
| 6     | CEIP Castrillón – Coiro      | 15.09.2013                           |
| 7     | Casa da Bola                 | 21.09.2013                           |
| 8 - 9 | Auditorio – Escola de Música | 26.09.2013                           |
| 10    | Casa da Cultura              | 21.01.2014                           |
| 11    | Concello                     | 09.01.2015                           |
| 12    | CEIP Nazaret                 | 31.10.2015                           |

DILIXENCIA.- Esténdoa eu, como Secretaria Xeral, para facer constar que o presente prego que consta de 18 páxinas esta incluída, todas elas rubricadas por min e seladas co selo da Secretaría deste Concello, foi aprobado por Resolución da Alcaldía de data 11.03.2013.

Cangas, 11 de marzo de 2013

A SECRETARIA XERAL

Asdo.: Berta Alonso Soto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente o Decreto da Alcaldía transcrito anteriormente, referente a aprobación de expediente de contratación para o servizo de mantemento e conservación de ascensores instalados en dependencias municipais.

### **C) DAR CONTA DE ACORDOS ADOPTADOS POLA MESA LOCAL DE COMERCIO EN DATA 15.3.13.**

#### C.1) ACORDO DA MESA LOCAL DE COMERCIO S/CELEBRACIÓN DA FEIRA DE OPORTUNIDADES.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada do seguinte acordo adoptado pola Mesa Local de Comercio, en sesión extraordinaria realizada o día quince de marzo de dous mil trece, que di o seguinte:

*"PUNTO PRIMEIRO.- Emisión de informe previo á celebración da feira de oportunidades do Morrazo, de conformidade co artigo 94.2 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.*

*Primeiro.- Informar favorablemente a solicitude formulada pola 'Asociación de Comerciantes e Industriais de Cangas', a celebrar a VIII Edición da Feira de Oportunidades do Morrazo, os días 5, 6 e 7 de xullo do 2013, na Alameda Nova de Cangas, cunha carpa de 1.200,00 m2., e na que fan constar que contarán con servizo de vixilancia, limpeza e seguro de responsabilidade civil.*

*Segundo.- Dar conta na vindeira Xunta Local de Goberno que se realice."*

#### C.2) APERTURA DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E CELEBRACIÓN DE MERCADIÑOS EXTRAORDINARIOS O DÍA 22 DE MARZO (FESTIVO LOCAL).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada do seguinte acordo adoptado pola Mesa Local de Comercio, en sesión extraordinaria realizada o día quince de marzo de dous mil trece, que di o seguinte:

*"PUNTO SEGUNDO.- Solicitude da Asociación de vendedores ambulantes do Morrazo, de 9 de marzo, sobre apertura de establecementos comerciais e celebración de mercadiños extraordinarios o día 22 de marzo, festivo local.*

*Primeiro.- A Mesa Local de Comercio acorda autorizar a celebración do mercadiño extraordinario do día 22 de marzo de 2013, festivo local e venres, de conformidade co Regulamento Municipal de Venda Ambulante do Concello de Cangas, aprobado por acordo plenario de data do 29.04.2009 e publicado*

*no BOP de data do 25/11/2011 e coa condición que a actividade do mesmo remate ás 14,00 horas do día indicado e se faga cargo a Asociación de vendedores ambulantes do Morrazo do servizo de limpeza.*

*Segundo.- Dar traslado á Asociación de vendedores ambulantes do Morrazo e a Tesourería Municipal.*

## **D) ANTEPROXECTO PARA OS TRABALLOS DE LIMPEZA E RECUPERACIÓN E CONSOLIDACIÓN NO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DO MONTE DO FACHO.**

Dase conta do anteproxecto para os traballos de limpeza e recuperación e consolidación no Xacemento Arqueolóxico do Monte do Facho, realizado por José Suárez Otero, arqueólogo-director do "Proxecto Berobriga", que é como segue:

*"PROXECTO BEROBRIGA-2013-2014.*

*ANTEPROXECTO PARA OS TRABALLOS DE LIMPEZA E RECUPERACIÓN E CONSOLIDACIÓN  
NO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DO MONTE DO FACHO.*

*(Donón – O Hío-Cangas do Morrazo)*

### *INTRODUCCIÓN*

*Durante moitos anos o Monte do Facho viña sendo coñecido como un dos sitios arqueolóxicos mais interesantes no ámbito galego. A aparición de mais de 40 altares romanos era unha circunstancia única, o que se unía a espectacular ubicación do enclave. Pero houbo que esperar ate o 2003 para que, por iniciativa do concello e co apoio científico do Instituto Arqueolóxico Alemán de Madrid, escomenzaran uns traballos de recuperación arqueolóxica e patrimonial. Intervencións que se prolongaron o longo de seis campañas (2003-2008) e que non so certificaron o interese excepcional do sitio, senón que puxeron o descuberto unha riqueza e relevancia aínda maior do que supuña.*

*O descubrimento do Santuario Galaico-romano, cunha existencia que ía de mediados do século III a comezos do V e que agora acumula xa mais de 170 altares, permite coñecer a relixión e as manifestacións artísticas dun período clave para os alicerces da identidade cultural galega: a chegada do cristianismo e o transito o primeiro reino independente de Occidente (o reino Suevo). Pero o mesmo tempo os traballos que se expandían no que considerabamos un poboado da Idade do Ferro dos que son típicos no Noroeste hispano, pouco a pouco amosaron que estabamos diante de algo mais, ata decatarnos que esa aparencia de castro agocha en realidade un gran santuario galaico que adopta a ubicación e forma dun dese poboados fortificados. Un santuario que ocupa agora a meirande parte do monte,*

*certificando o carácter sagrado do mesmo, e ofrecéndonos informacións abundantes e inéditas sobre a relixiosidade dos galaicos. Un santuario, en fin, que se estende a lo menos dende o sec. IV aC. o I dC. E que se expresa dun xeito ata agora practicamente descoñecido na prehistoria europea.*

*E non acaba aí a potencialidade arqueolóxica deste monte. Temos aínda que sumar un amplo poboado, tamén cunha importante area adicada o culto para os fins da Idade do Bronce e os comezos da do Ferro (ca. 900-600 a.C.), e que podería estar no arrinque da sacralizade do monte.*

*En definitiva, O Facho oferta unha secuencia completa das crenzas e as súas manifestacións o longo da cultura castrexa. Pois aparece na súa formación, a fins da Idade do Bronce, maniféstase na súa plenitude, cara o cambio de Era, e perdura ata a súa definitiva transformación, no ámbito xa da tardorromanidade.*

*O Facho non e pois un castro, senón un monte sagrado dos Galaicos. Condición que o fai nestes intres, mesmo mais ala das fronteiras galegas. Unha excepcionalidade que, como valor intrínseco do Facho que é, perdurara a pesares de tódolos descubrimentos que se fagan no futuro, e que fará del un referente para a investigación histórica, pero tamén un atractivo para o turismo, e polo tanto para o desenvolvemento económico da comarca e da provincia. Aínda mais, O Facho, coma o Cruceiro do Hío, co que comparte xeografía e carácter de excepcionalidade, será un referente e outro punto de atracción non só para Cangas senón tamén para Galicia en ámbitos científicos, culturais e turísticos tanto nacionais coma internacionais.*

#### PROPOSTA DE INTERVENCIÓN: 2013-2014.

*Diante do estado de abandono que sofre o xacemento arqueolóxico de Monte do Facho, no que se viñeron realizando traballos de investigación arqueolóxica dende o 2003 ata o 2008, faise necesario unha intervención urxente que:*

- 1.- Facilite o acceso a monte e o xacemento arqueolóxico que nel existe.*
- 2.- Permita a recuperación e conservación dos restos exhumados ó longo das seis campañas de traballo arqueolóxico.*
- 3.- Permita a visión do patrimonio posto ó descuberto para un público cada vez mais numeroso, o tempo que artelle a circulación dos visitantes polo xacemento sen que prexudique a conservación deste.*
- 4.- Potenciar e mellorar a información que de maneira provisoria tentaba axudar a coñecer o xacemento e entender os restos arqueolóxicos.*

*Para a consecución dos fins expostos sería necesario:*

1.- A limpeza mediante desbroce xeral dos accesos, así como, do contorno da área escavada.

2.- A retirada de vexetación, a realizar de forma manual, da área escavada.

3.- A reposición dos elementos que delimitaban e protexían a área escavada: peche da mesma con postes e corda e ramplas de acceso e circulación nesta.

4.- Avaliación do estado de conservación dos restos.

5.- Recuperación e remate dos traballos de consolidación xa realizados e afectados polo recente abandono do xacemento.

6.- Restauración de alo menos as estruturas mais afectadas polo recente deterioro ou aquelas mais relevantes para a comprensión do xacemento no seu conxunto.

7.- Para as tarefas de conservación e restauración dos restos é preciso rematar de excavar as estruturas afectadas. Trátase non dunha intervención ampla, en área, como as anteriores, senón de pequenas actuacións alí onde fora preciso: interior e contorno inmediato dos restos a restaurar.

8.- Reposición dos elementos que axudaban de xeito provisional a acceder e entender o xacemento arqueolóxico: definición dun circuito de visita, coa sinalización e paneis explicativos que permitan realizala.

*Para a realización de ditos traballos tería que contarse con:*

1.- Un grupo de peóns cualificados para realizar as tarefas de limpeza e colaborar nas de restauración e excavación.

2.- Un período de tempo suficiente para realizar as tarefas, que atenda tamén a posibles períodos de inactividade entre as distintas tarefas ou por outras circunstancias non previsibles: administrativas, económicas, climatolóxicas, etc. Propoñemos alo menos un marxe de dous anos.

3.- Un director e equipa técnica, que inclúa arqueólogos e restauradores, para coordinar e realizar os traballos que precisen de cualificación técnica.

4.- O material necesario para o tipo de traballo a realizar, incluída a recuperación do sistema de vagoneta sobre railes para o traslado á área dos traballos dos materiais necesarios e retirar do monte aqueles que entorpezan a execución dos traballos ou da recuperación do xacemento.

*Os traballos realizaríanse nas seguintes fases:*

I.- Limpeza de accesos e da área escavada. Avaliación de danos. Delimitación do contorno da área escavada. Limpeza do contorno e reposición da



*infraestructura provisoria de Posta e Valor do xacemento. Intervencións urxentes de restauración nos restos ou áreas danadas polo abandono.*

*II.- Consolidación de estruturas e intervencións arqueolóxicas necesarias. Completar o levantamento planimétrico e topográfico do monte. Elaboración dun proxecto de restauración o mesmo tempo que outro para a Posta en Valor do xacemento.*

*III.- Traballos de restauración. Realización da Posta en Valor: creación dun circuito para a vista do xacemento, sinalizado e achegado de información, tanto en forma de paneis in situ, coma de folletos impresos. Difusión exterior e Páxina web.*

*Tres etapas que se poderán simultanear parcialmente no tempo, de xeito que se poida obter o antes posible a garantía da conservación do patrimonio arqueolóxico que o Facho contén, así como a súa rendabilización cultural e social. Os traballos a realizar deberían constituír, por outra banda, unha base sólida para seguir descubriendo a amplo e importante xacemento existente no Monte do Facho."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Solicitar autorización para a realización das actuacións previstas no anteproxecto para os traballos de limpeza e recuperación e consolidación no Xacemento Arqueolóxico do Monte do Facho.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, así como, á Comunidade de Montes do Hío, para a preceptiva autorización do referido anteproxecto.

## **E) REQUIRIMENTO ÁS EMPRESAS QUE REALICEN OBRAS DE CANALIZACIÓNS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda que por parte do Departamento de Urbanismo se proceda a requirir ás empresas que obteñan licenza municipal para a realización de obras de canalizacións e que impliquen a alteración do asfaltado da vía pública, as seguintes condicións:

\* Se o vial ten 5,00 metros ou mais, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\* Se o vial é inferior a 1 metro, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

**F) DAR CONTA DE SENTENZA Nº 94/2013 DICTADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA.**

Dase conta de sentenza nº 94/2013 dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, referente a procedemento ordinario nº 168/2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Quedar informada da sentenza nº 94/2013 dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, referente a procedemento ordinario nº 168/2011.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó departamento de Urbanismo.

**ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as vinte horas e vinte minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.